

PASPALLÁS

Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural www.sghn.org



Nº 38 febreiro 2005

Neste número

2,00 EURO
gratuito socios

Xunqueira de Alba

Especies invasoras

AVG -II, un novo reto

Secuelas do Prestige

Outra Galicia é Posible

Unha nova bolboreta en Galicia



As opinións expresadas (agás a Editorial) non son necesariamente as da súa Xunta Directiva Xeral.

Coordinador

Xosé Lois Rey Muñiz

Colaboradores

Jaime Asensi Cabirta, Moisés Asensi Cabirta, Silverio Cerradelo, Paulino Gasalla, Serafín González Prieto, José Pernas García, Xosé Lois Rey Muñiz, Ignacio d'a Silva, Yosi, Carlos Rey Rañó, Juan Trigo Trigo, Anabel Viñas, Piedade Viñas

Revisión linguística

Xan Santamaría Cameán

Foto portada

"*Iberodorcadium seoanei*"
Carlos Rey Rañó

Edita
SGHN

Apdo. de Correos nº 330. 15780
Santiago de Compostela
Tfno./Fax 981 584426
sghn@sghn.org
www.sghn.org



I.S.S.N. 1132-0567
D.L. C 1590/91
Impreso en papel reciclado.

A **Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)**, fundada en 1973, é «unha asociación independente e científica, dedicada ó estudo, divulgación, conservación e defensa do medio natural, que non téñ na súa actuación fins lucrativos» (Art. 5º dos Estatutos).

A **SGHN** é unha asociación legalmente recoñecida có Protocolo nº 18.487 no Rexistro Nacional de Asociacións, inscrita no Folio 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente (Xunta de Galicia), e co número AO/C-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas.

Sede Central

Rúa da Oliveira, 4-2º
15704 Santiago de Compostela
Tfno./Fax 981 584426

Apdo. de Correos nº 330
15780 Santiago de Compostela
sghn@sghn.org

Delegacións

Ferrol:
Méndez Núñez, 11
15401 Ferrol
Tfno./Fax. 981 352820

Apdo. de correos nº 356
15480 Ferrol
sghnferrol@terra.es

Ourense:
Rúa Jesús Soria, 23-2º
32002 Ourense

Apdo. de correos nº 212

32080 Ourense
sghnourense@hotmail.com

Pontevedra:
Apdo. de correos nº 303
36600 Vilagarcía de Arousa

sghnpontevedra@terra.es

Santiago:
Rúa da Oliveira, 4-2º
15704 Santiago de Compostela
Tfno./Fax 981 584426

Apdo. de Correos nº 330
15780 Santiago de Compostela

Servicio de Biblioteca

Santiago: De luns a venres de 19:30 a 21:30. Máis de 2.000 volumes especializados sobre natureza galega.

Ferrol: De luns a venres de 9:30 a 13:30 horas e de 16:30 a 20:30 horas. Perto de 1000 volumes, estando incluída no circuíto de bibliotecas especializadas de Galicia. Servicio de préstamo, co tempo limitado a 15 días.

Museo de Historia Natural

Para concertar visitas con grupos recoméndase porse en contacto previamente coa Delegación. Para grupos que queiran facer algunha visita fora destes horarios e días, pódono xestionar na Delegación.

Foto: Calamar xigante en exposición permanente



PLAN GALICIA

Unha vella expresión chinesa di que a primeira vez que me enganas a culpa é túa, a segunda, é miña. O accidente do Prestige produciu unha crise e logo provocou unha catástrofe, por negligencia, por imprevisión, por contumacia nos erros e por falla de medios.

Dentro daquel contexto inventouse o que se deu en chamar PLAN GALICIA, para envernizar feridas sociais, xustificar actuacións impresentables e para situar-recolocar a esta rexión en liña coa modernidade.

Dous anos despois, o PLAN GALICIA, aparte do lamentable espectáculo que transmiten as diversas administracións en liortas diversas, céntrase en Portos Exteriores, financiación de AVEs, estradas, etc, que teñen como denominador común unha obsesión patolóxica por reducir o tempo para chegar a non se sabe onde, facilitando a principal industria galega: a exportación de man de obra.

O documento remitido pola administración central no 2003 e titulado PLAN GALICIA-2003 recolle, condensados, os seguintes aspectos:

- Rexeneración ambiental. Estamos de acordo.
- Mellora das comunicacións. Existe unha confusión entre a necesidade de se desprazar e a necesidade de estar a tres horas de calquera sitio.
- Impulso á economía. O solo industrial e a tecnoloxía son necesarias para estruturar o territorio. ¿Cicais como o solo industrial para asentar ENCE-ELNOSA, ou a piscifactoría de peixe plano en Touriñán?. Por certo, situada dentro dun espazo Rede Natura 2000.
- Menos tributos e máis axudas. Esperemos que os contribuíntes alemáns nunca saiban no que se envirten os fondos FEDER e semellantes, que saen nunha alta porcentaxe dos seus tributos.

Queremos un ave que chegue á porta de cada casa, seguimos a confundir corredeiras con estradas. Mellor dous portos exteriores ca un, aínda que Ferrol e Coruña estean separadas só por escasos quilómetros.

Se o Plan Galicia nace da catástrofe do Prestige, ¿por que non se enfoca a paliar os danos e previr novas situacións semellantes?.

Nin tiñamos barcos axeitados para recoller o vómito negro nin os temos agora, estatisticamente cada vez falta menos para o seguinte accidente: botarémolles a culpa á mala sorte, ó tempo ou á fatalidade.

Nin tiñamos porto refuxio nin os temos agora. Xa temos algunhas barreiras oceánicas, ¿teremos xente práctica no seu uso nunha emerxencia, ou haberá que esperar que as redeiras fagan de novo barreiras coas súas máns?

Non non laiemos, porque estamos avisados. ¿A quen lle botaremos a culpa a próxima vez?

SUMARIO

| | |
|--------------------------------------|----|
| Editorial | 3 |
| Delegación de Ferrol | 4 |
| Xunqueira de Alba | 7 |
| Situación de ENCE-ELNOSA | 8 |
| Revisión dos nomes galegos das aves | 10 |
| Oso | 15 |
| Prestige. Perspectiva xurídica xeral | 16 |
| AVG - II : Anfíbios e réptiles | 18 |
| Outra Galicia é posible | 19 |
| Bioloxía Mariña | 20 |
| Introducción de especies | 24 |
| Insectos: Cacyreus marshalli | 26 |
| Cantis | 29 |
| Algo se move no mar | 30 |
| ¿Fuxiron as estrelas? | 31 |
| Lexislación | 32 |
| Taboleiro de novas | 33 |
| O bosque e ti | 34 |
| Publicacións | 35 |

O **PASPALLÁS** agradece o envío de orixinais para a súa publicación.

Os textos deben enviarse en formato electrónico en Word Perfect ou Word, sen marcadores nen tabulacións ou distintos tamaños de letra.

Como referencia cada páxina leva 400 palabras e unha fotografía/debuxo de resolución mínima 1200x800 en B/N, formato jpg.

O galego será o normativo e os nomes científicos respectarán as normas de Nomenclatura, figurando con ano e autor.

DELEGACIÓN DE FERROL



Museo da Natureza

Durante o ano pasado o Museo da Natureza que a SGHN xestiona en Ferrol foi visitado por unhas 4.163 persoas, cun promedio de 14,8 visitas/día.

Inclúe a visita de 56 grupos de 33 centros/asociacións da provincia de Coruña.

Cabe destacar as visitas de grupos da Escola de Tempo Libre “Néboa”, formando monitores de medioambiente; así coma a Escola Superior de Turismo “Dafonte” formando guías de turismo.

Recollida de animais

Podemos diferenciar tres apartados:

1º Animais mortos recollidos para o museo,

2º Recuperación de fauna facendo de mediador co CRFS de Olerios, así coma a colaboración co CEMMA en asistencia e recollida

de datos sobre mamíferos mariños e tartarugas mariñas,

3º Preservación do medio reubicando tartarugas de Florida (*Trachemys scripta*) que os donos non queren e buscándolle novo dono. Temos que destacar que aquí tamen aparecen algunhas citas significativos como pode ser a primeira andoriña do ano, etc.

Nun contenedor de Hong Kong apareceron dúas venenosas crótalo do bambú (*Trimeresurus popeorum*) unha víbora arbóricola

Recuperouse o esqueleto dun exemplar de cervo (*Cervus elaphus*) macho de 170 kg. Procedente de Palencia. Corvo carnaraz (*Corvus corax*) e pombo (*Columba palumbus*) recuperados vivos con indicios de cautividade.

O 10/02/04 recolléronse dous exemplares da venenosa Crótalo do bambú (*Trimeresurus popeorum*) unha víbora arbóricola. O primeiro duns 60 cm e o segundo algo maior.

Chegaron nun contenedor procedente de Hong Kong e recolléronse en San Pedro de Leixa (Ferrol). Un estaba vivo e posteriormente morreu e a segunda a mataron os operarios. Comunicouse a aparición desta especie ó Servicio de Espacios Naturais e Biodiversidade.

Algo moi significativo foi atoparse 3 tartarugas de Florida, *Trachemys scripta* (Schoepf, 1792) de grande tamaño (sobre 30 cm) atopadas no sistema dunar e praia de Doniños, unha de elas foi collida facendo unha posta de ovos, e outra de estas, unha vez reubicada fixo unha posta de 16 ovos. Este é o motivo polo que esta delegación

DELEGACIÓN DE FERROL

leva dende o ano 2000, facendo de mediador para reubicar tratando de evitar que estes animais chegan ao medio natural, este ano levamos reubicado de 19 tartarugas.

Fauna recollida

152

| | Viva | Morta |
|----------------------|------|-------|
| Aves mariñas | 30 | 6 |
| Aves rapaces | 7 | 1 |
| Outras aves | 44 | 6 |
| Mamíferos mariños | 16 | |
| Mamíferos terrestres | 4 | 16 |
| Tartarugas mariñas | 1 | 4 |
| Peixes | 1 | |
| Galápago florida | 1 | 9 |
| Reptis | 3 | 3 |

Obradoiros, conferencias e excursións

Propiciados polos convenios asinados cós concellos de Ferrol e Mugardos, realizáronse a devanditas actividades. Por outra banda tamén se realizaron para a socios e xente en xeral.

Sete conferencias cun total de 124 participantes.

Vinteseite excursións cun total de 918 participantes.

Trece obradoiros sobre rastros, interpretación do entorno, egagrópilas, con 220 participantes.

Medios de comunicación

Saída nos medios de comunicación dende reclamando un mellor local para o Museo, dando información sobre algunha especie atopada, campañas de defensa, limpeza do medio natural e fondos mariños, temas de astronomía, presentacións de novas pezas etc.

Exposición

Novas pezas ingresadas no museo e a exposición itinerante levada a algunha asociación.

Doazón

03/09/04 Doación de 2 trilobites, 1 amonite, 1 dente de quenlla e unha rosa do deserto procedente Marrocos. Doador Salvador Sánchez.

Astronomía

Trece saídas monitorizadas que contaron coa asistencia de 437 persoas.

Colaboración co programa “Ardora” do Concello de Ferrol e observacións astronómicas co Concello de San Sadurniño, así como observacións puntuais para un acontecemento astronómico determinado para socios e a xente en xeral.

praia de Amboge.

Observación das constelacións de verán subliñando o Triángulo de verán, realizada dende Santa Mariña do Monte. Por mor das condicións meteorolóxicas, grande cantidade de nubes e moito vento, fíxose unha observación de Xúpiter e algunhas estrelas e constelación que aparecían nos claros.

Observación astronómica no carón da praia de Esmelle, amosando constelacións, o planeta Saturno e a lúa. Tamén poideronse ver estrelas fugaces das leónidas e monocéridas.

Limpezas

22/04/04 Campaña “A Limpar o Mundo” coa colaboración do Colexio La Salle, realizouse unha



Entre outras destacamos a observación astronómica dende Santa Mariña do Monte. Fíxose un percorrido polas constelacións visibles así como da Lúa, Venus, Marte, Xúpiter, Saturno, tamén amosáronse varios obxectos do ceo profundo Transito de Venus, montouse o telescopio solar na

limpeza polo primeiro tramo do paseo marítimo de Caranza e a praia.

19/09/04 Campaña “A limpar o mundo” 26 mergulladores fixeron a limpeza do porto de Mugardos, Colaboraron Asociación de Veciños Montefaro, Clube universitario de Santiago, Clube de

DELEGACIÓN DE FERROL

Mar San Amaro da Coruña, Club de remo de Lugo. Extraeranse 3.000 Kg de refugallos destacando a transmisión dun coche. Actividade organizada pola SGHN de Ferrol e a Concellería de Medio Ambiente de Mugardos.

Outras

Recollida de 120 litros de aceite de cociña, esta delegación ten o único punto en Ferrol no que a xente particular pode deixar estes aceites. Recollidas uns 600 Kg de pilas. Recollida de toners e cartuchos.

1 licenciada en bioloxía e outra licenciada en pedagogía realizaron prácticas de empresa nesta entidade, realizando a catalogación de fondos do museo e elaboración de unidades didácticas respectivamente.

Campo de Golf Monte San Xurxo

Reunión entre SGHN Ferrol e ADEGA Trasancos para iniciar accións para deter o anteprojecto. Recollida de sinaturas, manifesto para que os asinen outros colectivos contrarios a dito proxecto, edición de carteis e pegatinas.

Previamente o día 19 tivo lugar unha rolda de prensa SGHN Ferrol e ADEGA Trasancos para manifestar o noso rexeitamento.

O 23/01/04 e 06/02/04 realizaronse reunións no Ateneo Ferrolán a cal convidouse a tódolos colectivos e entidades contrarios a construción dun complexo deportivo urbanístico en Lobadiz. Animamos ós colectivos presentes a que mandase escritos a organismos oficiais como o Valedor do Pobo, Consellería de Medio Ambiente. Tamén acordouse solicitar unha reunión co

Alcalde para facerlle saber a nosa postura, a cal se realizou o 24/02/04 coa presenza de ADEGA, Galiza Solidaria, Ateneo Ferrolán e un Veciño da parroquia.

Plantexouse a necesidade preservar a zona por estar proposto como LIC, polo que hai lexislación ambiental que protexe a zona. O Alcalde informou que o concello estaba á marxe, aínda que apoiaban o proxecto, e que ata o momento só tiñan negociacións entre a Empresa e os propietarios dos terreos. Recrimínouse a actitude xa que entendemos que ten a obriga de velar polo cumprimento da lexislación ambiental, e que no podían apoiar o proxecto co argumento demagóxico de que xenera riqueza, xa que tamán poder xerar riqueza se se potencia un turismo de natureza.

Presentáronse varios escritos (31/01/04) conxuntamente con ADEGA, a diferentes organismos oficiais no que se manifesta o noso rexeitamento o anteprojecto de facer un campo de Golf no Montede San Xurxo por ser unha zona incluída no LIC Costa Ártabra catalogada como Solo Rústico de Espacio Natural polo PXOM e o amparo da lexislación ambiental.

Entre eles:

Conselleiro de Medio Ambiente.

Xefa do Servicio de Usos do Litoral da Xunta de Galicia.

Valedor do Pobo.

Alcalde Concello de Ferrol

Enxeñeiro Xefe Demarcación de Costas do Estado.

Delegada Provincial de Medio Ambiente.

24/02/04 Mantívose un encontro, conxuntamente con

ADEGA-Trasancos cunha empresa madeireira, o Técnico Forestal e un Axente do Distrito Forestal por mor que no piñeiral das Cabazas, parroquia de Covas, tivo lugar unha tala. Para evitar danos na vexetación herbácea e arbustiva, na que atopamos especies como a Camariña, *Corema album*, e *Iberis procumbens*, procedeuse a balizar as zonas máis interesantes para evitar que a maquinaria ou os operarios ó talar os piñeiros poideran causar danos. Moi boa predisposición por parte dos propietarios do monte así como da empresa encargada da actuación.

22/03/04 Estación Bombeo A Cabana

Reunión organizada pola AA.VV. da Cabana para tratar o tema do recheo de 6000 m² na ría. Asistirón membros do PSOE (Amable Dopico, e o novo Diputado) convidados pola AA.VV. Entre o público EU, BNG, ADEGA e veciños. Apuntouse que a única posibilidade para deter o recheo, e incluso bastante incerta, é por unha denuncia xudicial.

Concellería Medio Ambiente Ferrol

25/05/04 Protección Nidificación Pillara Papuda (*Charadrius alexandrinus*)

Informouse da zona de nidificación da Pillara papuda na praia de Doniños para que os operarios de Urbaser evitasen limpar esas zonas durante os prallos de acondicionamento da praia cara a tempada estival. Acordouse coa Delegación Provincial de Medio Ambiente salvagardar esas zonas ata o mes de xullo.

SGHN-Ferrol

XUNQUEIRA DE ALBA

A conservación das Xunqueiras de Alba en Pontevedra estiveron durante uns meses en vilo, xa que sobre elas peneirou a ameaza de trasladar o estadio de fútbol “Pasarón” (da vila de Pontevedra) e construír un novo sobre as Marismas.

A necesidade de obras de mantemento de certa envergadura, abriron a debate dúas posibilidades; arranxalo ou facer un novo. Os partidarios de construír un novo estadio defenderon a súa ubicación nas Marismas de Alba. Entre outras argumentacións expuxeron que a marisma estaba tan degradada que carecía de valor medioambiental.

A polémica decantouse a unha liorta entre os grupos políticos do Concello de Pontevedra, a SGHN mantivo unha posición discreta, ata que chegou un intre no que considerouse intervir, xa que se promovía unha alienación a favor/contra do novo estadio, sen teren en conta a posibilidade de aproveitamento do actual ou o que é máis importante; a consideración dunha zona palustre como terreo improductivo e barato e case infecto.

A SGHN emitiu unha nota pública posicionándose e argumentou unha serie puntos.

1º) A SGHN é absolutamente contraria á urbanización da Xunqueira de Alba e os aledáños palustres que a conforman.

2º) Resulta dificilmente comprensible o empeño de construír a toda costa na xunqueira, a non ser baixo a óptica de que son terreos públicos e polo tanto de menor custe económico.

A SGHN defende o valor destes terreos por seren, precisamente, públicos e polo tanto abertos ó disfrute de tódolos cidadáns, seguidores ou non de determinados deportes de masas.

3º) Un campo de fútbol pode ser construído en moitos sitios que poderán ser máis caros ou máis baratos, máis próximos ou máis alonxados da vila. A xunqueira é inamobile e intransportable.

4º) A SGHN non entende, e agradecería que llo explicasen, que se se consideran as xunqueiras degradadas medioambientalmente, como se xustifica a inversión de 2.388.536,88 • hai poucos anos por parte do Ministerio de Medio

indica a degradación irreversible da xunqueira?.

6º) Na hipótese da degradación irreversible da xunqueira ,que a SGHN non comparte, atopámonos cunha situación curiosa: degrademos calquera zona digna de conservar, porque unha vez chegado este punto, poderemos facer nela o que nos pete. Trátase do enunciado dunha praxe, máis ca o dunha idea. As xunqueiras son procesos xeolóxicos inabarcables



Ambiente, con fondos de Cohesión da UE.

A xunqueira está incluída nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento (urbanístico) emitidas pola CPTOPV e publicadas no DOG 116 de 19-06-91.

5º) Nas proximidades da Xunqueira, consérvanse os carteis do Ministerio de Medio Ambiente indicando algunhas características do interese natural da xunqueira: 70 especies de vertebrados e 166 especies vexetais. ¿Que versión é a correcta, a do Ministerio ou a que

a escala humana. O que se perde non o recuperamos nalgures.

7º) A SGHN leva realizando diversos censos de aves dende hai anos nesta zona, así coma prospeccións entomolóxicas e en base a este coñecemento, o principal problema actual, aparte dos recheos, é o aporte de augas fecais; problema solucionable cunha rede de sumidoiros digna dun país que presume de desenvolvido.

Finalmente elixiuse outra ubicación máis razoable.

SGHN-Pontevedra

SITUACIÓN DE ENCE-ELNOSA NA RÍA DE PONTEVEDRA

Durante o ano 2004 produciuse unha pequena evolución, aínda que sen resultados satisfactorios ou concretos para a protección da Ría de Pontevedra en relación co complexo industrial de ENCE-ELNOSA.

A principal situación son as actuacións contundentes por parte de Comisións Obreiras (CC. OO.) que lidera a defensa de ampliación de ENCE coa papeleira, para que se mantenga indefinidamente nos actuais terreos. A esta liña, aínda que con outros matices, sumouse FIA-UGT. Actualmente, aparte de varias manifestacións, CC. OO. prepara unha nova manifestación, inicialmente prevista para o mes de febreiro. Por outra banda, FIA-UGT propuxo levar a cabo unha consulta popular para coñecer a opinión dos cidadáns afectados por ENCE (principalmente en Pontevedra, Marín e Poio). O Subdelegado do goberno en Pontevedra comprometeuse a remitir esta proposta

A patronal galega esixe que non se obstaculice a implantación da factoría de papel tisú se se demostra que é legal, e a esta postura de apoio a ENCE sumouse a Deputación de Pontevedra.

O Concello apunta ao

indicou que a planta non se trasladará, e, ou permanece no mesmo sitio ou pecha. A Dirección de ENCE solicitara no seu momento a declaración de “innecesaria” como dominio público marítimo-terrestre os 430.000 metros cadrados que



Vista aérea dos actuais terreos ocupados polo complexo fabril, cando se empezou a rechea a enseada. Arredores de 1960.

A Ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona ratificou que a concesión a ENCE-ELNOSA prescribe no ano 2.018

aos Ministerios de Industria e Medio Ambiente. Un paso previo é que esta proposta sexa aprobada polo pleno da corporación pontevedresa (onde se sitúa a fábrica) e a partir de aquí seguir os cauces legais establecidos.

futuro polígono industrial de Barro-Meis, para unha ubicación idónea da fábrica de tisú. Esta opción non é ben aceptada polos promotores da fábrica, xa que queren ter unidas ambas empresas para mellorar a produción.

O día 9-9-04 o Congreso aproba unha Proposición non de Lei, co apoio de tódolos grupos políticos, a excepción do PP, para que o grupo empresarial abandoe a actual ubicación cando remate a concesión administrativa no ano 2.018. O Director do complexo

ocupa nas antigas marismas de Lourizán (Pontevedra).

O día 09-10-04 fíxose público que a Consellería de Medio Ambiente deu luz verde ao proxecto da fábrica de tisú, ao considerar que cumpre os parámetros medioambientais esixidos pola lei.

O día 2-12-04 Cristina Narbona ratificouse na aseveración de que a concesión a ENCE-ELNOSA prescribe no ano 2.018, no cumprimento estrito á Lei de

SITUACIÓN DE ENCE-ELNOSA NA RÍA DE PONTEVEDRA

Costas que marca este prazo final da concesión e que é improrrogable. Neste sentido o Secretario comarcal de Comisións Obreiras mantén que ENCE-ELNOSA ten vías legais para se manter na zona máis aló de 2.018, xa que esta zona industrial se pode incorporar ao Porto de Marín, polo que non estaría suxeita á Lei de Costas.

O 15-01-05 dáse a coñecer o informe xurídico-técnico do secretario xeral do Concello de Pontevedra no que manifesta que o pleno do Concello non pode aprobar a realización dun Referéndum ao non cumprir, este caso concreto, os requisitos marcados pola Lei de Réxime Local. O goberno municipal indicou que acata este informe e



Panorámica actual coa vila de Marín ó fondo.

buscará alternativas para celebrar a consulta. En todo caso esta consulta non tería carácter vinculante.

O 2-02-05 publicouse que Georgia Pacific e ENCE daban por rematado o acordo que sinaran ambas empresas para construír unha fábrica de tisú no emprazamento da actual fábrica de ENCE nas antigas marismas de Lourizán.

Posición da SGHN

- a) O problema non se debe centrar só en ENCE, senón que ELNOSA é a principal causante da contaminación por mercurio da ría de Pontevedra, e que ata hai uns anos eran empresas interconectadas, compartindo tanto infraestruturas comúns, emisarios, coma a interdependencia industrial.
- b) Estas empresas están situadas en terreo público de Costas, sobre a extinta marisma de Lourizán. É inadmisíbel que unha empresa que presume de grandes beneficios económicos, pretenda que se lle regale os terreos públicos sobre os que se asenta, terreos de Dominio Público Terrestre baixo concesión administrativa ata o 2.018, e que son propiedade de tódolos españois. Caso de non se producir esta reversión, sería un agravio comparativo para as empresas que compran e pagan os terreos sobre os que se asentan, un claro exemplo de competencia desleal. Non se entende que na filosofía económico-liberal imperante nestas empresas, pretendan que o estado-cidadanía lles rebaixe os impostos e obrigas sociais e que ademais lles regalen os terreos.
- c) ENCE supón unha continua molestia para a cidadanía polo mal cheiro que desprende. Unha incomodidade severa que sufren máis de 100.000 persoas da bisbarra de Pontevedra, e sen que ata o momento as Autoridades Sanitarias elaboren un estudio epidemiolóxico das súas repercusións, tal como se leva solicitado dende hai tempo, incluído persoal sanitario.
- d) Agora que está en marcha un proceso de ampliación do Complexo, é o momento de planificar o traslado co menor custo posible. Os beneficios declarados deben permitir o traslado a un polígono industrial axeitado sen traumas económicos e que debe asumir plenamente a empresa, dadas as múltiples prebendas recibidas dende a instalación e que a amortización da empresa está sobradamente conseguida, non comprometendo a súa viabilidade industrial.
- e) Unha vez retiradas estas empresas, recuperar os terreos para a ría.

SGHN-Pontevedra

Neste artigo continuamos a serie encetada no PASPALLÁS 34 sobre a denominación das aves que habitan en Galicia e que supón un notable esforzo normalizador na denominación en este grupo zoolóxico

Familia Diomedidae

ALBATROS ORELLUDO

Diomedea melanophris

Albatros olleirudo foi o nome proposto en 1999 por M. A. Conde Teira (27). Xa se empregara na segunda guía de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López e recolleuse ou utilizouse tamén nalgunhas publicacións ornitolóxicas máis recentes (5, 9, 14 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **albatroz-de-sobrancelha** e **albatroz-olleirudo** (2 e 35).

É unha especie de presenza accidental nas nosas costas; non se lle coñecen nomes populares.

No *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo (1984), da editorial Akal, aparece a voz castelá *albatros* identificada coa galega **albatros**.

No *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparece a entrada **albatros** referida a estas especies.

No *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (2000), de varios autores, aparece a entrada **albatros** (como galega e estándar) referida a estas especies e identificada con *Diomedea melanophris*.

Sobe a etimoloxía da voz “**albatros**”, M. A. Conde Teira explica que provén da palabra portuguesa “**albatroz**”, variante

do termo portugués *alcatraz* (nome portugués doutra ave mariña, habitual nas nosas latitudes e un pouco parecida, *Morus bassanus*), e que despois do portugués pasou ao inglés como *albatross*, e do inglés ao español como *albatros*, que foi tamén a

voz que colleron X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López (27). F. Bernis Madrazo cuestiona, sen embargo, que o termo portugués “**albatros**” xurdise de *alcatraz* e apunta que tal vez aconteceu de xeito contrario, que o termo *alcatraz* xurdiu de “**albatros**” (26). (Véxase tamén *mascato* ou *alcatraz*, *Morus bassanus*.) Os modificadores “**olleirudo**” (galego e portugués) e “**de-sobrancelha**” (portugués) fan referencia á característica mancha negra, moi miúda, que esta especie ten arredor do ollo.



Diomedea melanophris

En canto ao seu nome estándar, M. A. Conde Teira suxire que, xa que a voz **albatros** ten a súa orixe na palabra portuguesa **albatroz**, quizais fose preferible a acentuación na sílaba final, como fai o portugués actual, consonte a súa orixe (27).

Familia Procellariidae

FULMAR

Fulmarus glacialis

Fulmar foi o nome proposto por C. Pedreira López e

REVISIÓN DOS NOMES GALEGOS DAS AVES - II

X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia, e así mesmo en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (23, 25 e 27). Utilizouse nas dúas guías de aves

súa aparencia de pomba e o contorno arredondado da cabeza (35). O modificador “**glacial**” está relacionado co seu hábitat ártico.

PARDELA CINCENTA
Calonectris diomedea



Foto: Xosé Lois Rey *Fulmarus glacialis*, adulto e polo.

de C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño e recolleuse ou utilizouse tamén nunha chea de publicacións onitolóxicas (1, 2, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **pombalete**, **fulmar** ou **fulmar glacial** (2, 4, 35 e 36).

É unha especie de presenza moi rara nas nosas costas; non se lle coñecen nomes populares. Nos dicionarios consultados non se atoparon denominacións para esta especie.

Etimoloxicamente, “**fulmar**” provén do latín *fulmarus*. H. Costa et al. explican que a denominación portuguesa “**pombalete**” está suxerida pola

Pardela cincenta foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia, e así mesmo en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (23, 25 e 27). Utilizouse nas guías de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López e recolleuse ou utilizouse tamén noutras moitas publicacións ornitolóxicas (1, 2, 5, 7, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16 e 18). A variante con “s” desta denominación, **pardela cincenta**, empregouse nunha publicación (4). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **cagarra** e **pardela-de-bico-amarelo** (2, 4, 9, 35 e 36).

M. C. Ríos Panisse rexistrou o nome **pardela** na fala popular para se referir especificamente a *Calonectris diomedea* en Sardiñeiro, San Cibrao, Cedeira, Sada, Laxe, Muxía, Cambados, Cangas, Panxón, A Guardia, Bares, Cesantes, Bouzas, O Grove, Portonovo, Foz, Burela, Viveiro, Mogor, Mugardos, Malpica, Noia, Abelleira, Rianxo, Carril, Portosín, Bueu, Ézaro, As Figueiras, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, Aguiño, Espasante, Cariño, Escarabote, Ares, Miño, Rinlo, Ribeira, Vilanova de Arousa, Muros e Caminha (22). F. Fernández Rei rexistrou a voz **pardela** en Cariño, identificándoa coa voz castelá *pardela cenicienta*, que é o de *Calonectris diomedea* (30). M. C. Alonso Pérez rexistrou a variante **paradela** en Escarabote, A. Pérez Cid en Marín; M. C. Ríos Panisse, en Sada; M. Felpeto Lagoa, en Ares; tamén identificada coa voz castelá *pardela cenicienta* (30).

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, aparece a entrada **pardela** definida como ave mariña do tamaño dunha gaiivota, cor parda escura e bico romo, e a entrada **pardeliña**, nunha das acepcións, como diminutivo de **pardela**.

No *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparece entrada **pardela** definida de forma xenérica como estas aves mariñas e identificada con *P. diomedea* (que

REVISIÓN DOS NOMES GALEGOS DAS AVES - II

é o mesmo que o nome científico *C. diomedea*).

No *Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega* (2000), de varios autores, aparece a entrada **pardela** (como galega e estándar), nunha das acepcións definida de forma xenérica e identificada con *P. diomedea* (que é o mesmo que o nome científico *C. diomedea*) e a entrada **paradela** (como galega e non estándar), que remite a **pardela**.

M. C. Ríos Panisse explica que semanticamente o nome “**pardela**” está relacionado con pardo, pola típica cor escura que presentan estas especies nas partes dorsais e que contrasta coa cor branca ou abrancazada das partes ventrais (22). Os modificadores “**cincenta**” ou “**cinsenta**” tamén fan referencia á cor da plumaxe. O modificador portugués “**de-bico-amarelo**” chama a atención sobre a cor característica do bico desta especie. Non se atopou unha clara explicación para a denominación portuguesa

“**cagarra**”; tal vez podería estar relacionada co seu aspecto ou coa cor da súa plumaxe.

PARDELA ENCAPUCHADA *Puffinus gravis*

Pardela xoubeira foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia (23). Utilizouse nas dúas guías de aves destes autores e nalguna outra publicación ornitolóxica (1, 4 e 5); tamén se recolleu noutras publicacións (2 e 10). **Pardela encapuchada** foi o nome proposto en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (25 e 27). Tense empregado en publicacións ornitolóxicas recentes (13, 14, 15 e 16); tamén se recolleu noutras publicacións (9 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **pardela-de-barrete** e **pardela-de-bico-preto** (2, 4, 9 e 35).

É unha especie bastante rara nas nosas costas; non se lle coñecen

nomes populares non sendo os xenéricos indicados en *C. diomedea* e *P. puffinus*. M. C. Alonso Pérez rexistrou a voz **xoubeiro** en escarabote para se referir a un paxaro que persegue bancos de xoubas (30).

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, e no *Dicionário da lingua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparecen as denominacións apuntadas noutras especies da familia (*C. diomedea* e *P. puffinus*).

No *Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega* (2000), de varios autores, aparece, ademais das denominacións xenéricas apuntadas en *C. diomedea*, a entrada, tamén xenérica, **xoubeiro** (galega e non estándar), definida como “paxaro que segue os bancos de xoubas”.

O cualificativo “**xoubeira**” relaciónase cos hábitos alimenticios da especie, en tanto que “**encapuchada**” ou o portugués “**de-barrete**” fan referencia a característica física que mellor identifica esta pardela: a plumaxe negregosa da cabeza, que parece unha caparucha. Respecto á significación de “**pardela**”, véxase *Calonectris diomedea*. O modificador portugués “**de-bico-preto**” chama a atención sobre a cor do bico desta especie.

En canto á escollo dun nome estándar, hai que comentar que a voz **xoubeiro**, rexistrada en Escarabote, é moi inespecífica e podería estar referida a esta ou a outra especie de pardela.



REVISIÓN DOS NOMES GALEGOS DAS AVES - II

PARDELA ESCURA

Puffinus griseus

Curricaho foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia (23). Utilizouse na primeira guía de aves destes autores e noutra publicación ornitolóxica (1 e 4); tamén se recolleu noutras publicacións (2 e 10). Unha denominación parecida, **pardela curricacho**, utilizouse na segunda guía de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López e noutra publicación máis (5 e 11). **Pardela escura** foi o nome proposto en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (25 e 27). Tense empregado en publicacións ornitolóxicas recentes (13, 14, 15 e 16); tamén se recolleu noutras publicacións (9 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, o nome portugués é **pardela-preta** (2 e 35).

É unha especie de presenza bastante rara nas nosas costas; non se lle coñecen nomes populares agás os xenéricos.

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, e no *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparecen as denominacións apuntadas noutras especies da familia (*C. diomedea* e *P. puffinus*). O *Gran Diccionario Xerais da Lingua*

Galega (2000), de varios autores, trae as entradas apuntadas en *C. diomedea*, *P. gravis* e *P. puffinus* (curricacho aparece identificado como *P. puffinus*).


Semanticamente, é posible que “**curricacho**” faga referencia á súa maneira de voar por riba da auga, moi nerviosa, e que estea

ou como denominación xenérica (véxase *Puffinus puffinus*).

FURABUCHOS ATLÁNTICO

Puffinus puffinus

Antes de pasar ás súas denominacións, cómpre dicir que hoxe en día esta especie presenta



Puffinus puffinus

relacionado con curricular ou corricar, bulir de un lado para outro sen un fin determinado; “**escura**” ou o portugués “**preta**” fan referencia á cor característica da plumaxe desta pardela, totalmente negra, que a diferencia do resto das especies. Respecto á significación de “**pardela**” véxase *Calonectris diomedea*.

En relación coa escolla dun nome estándar, hai que mencionar que **curricacho** foi rexistrado por outros autores como denominación para *Puffinus puffinus*

un problema particular para a súa nomenclatura, en relación coas dúas especies que veñen despois. Ata hai ben pouco, a ciencia consideraba que *Puffinus puffinus*, *Puffinus yelkouan* e *Puffinus mauretanicus* eran subespecies da mesma especie e, xa que logo, as tres tiñan o mesmo nome. Na actualidade, a ciencia non considera que sexan subespecies, senón que existen tres especies diferentes de aves aínda que moi parecidas, e todas as linguas están a pór nomes específicos diferentes

REVISIÓN DOS NOMES GALEGOS DAS AVES - II

para cada unha delas. As tres poden ser vistas en Galicia.

Pardela furabuchos foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia, e así mesmo en 1991 no traballo de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (23 e 25). Utilizouse ou recolleuse nas dúas guías de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López, no Atlas de Vertebrados de Galicia e noutras moitas publicacións ornitolóxicas (1, 2, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 17 e 18), pero só nalgunha delas se diferencia *Puffinus puffinus* de *Puffinus yelkouan* (para a que se reserva o nome de pardela mediterránea, en 11 e 12), e en ningunha se diferencia aínda esta especie de *Puffinus mauretanicus*. Por outra banda, **furabuchos atlántico** foi o nome proposto en 1999 no traballo de M. A. Conde Teira, diferenciándoa de *Puffinus yelkouan*, para a que reserva o nome de furabuchos (27). Esta denominación utilizouse nalgunhas publicacións ornitolóxicas recentes (14, 15 e 16). Na bibliografía ornitolóxica recibía o nome portugués de **fura-buxo** cando aínda as tres especies non estaban diferenciadas; actualmente, **fura-bucho do Atlántico** (2, 9 e 35).

M. C. Ríos Panisse rexistrou una serie de nomes vivos na fala galega para se referir a *Puffinus puffinus*: **curricacho**, en Sardiñeiro, O Grove, Cangas e Portonovo; **curuxó**, en Mera; **furabocho**, en Caión; **furabochos**, en Camariñas; **furabuche**, en Laxe; **furabucho**, en Ézaro; **furabuchos**, en Noia,

Portosín, Muros e Ézaro; o castelanismo *sanmartín*, en Cangas (en correcto galego, **sanmartiño**); **taralou**, en Portonovo, e **torolou**, tamén en Portonovo (22). M. C. Ríos Panisse recolle ademais outras referencias coas denominacións de **curricacho**, **curricán**, **furabuchos**, **lantarou** e **taralou**, que, aínda sen estar referidas a unha especie concreta, pensa que posiblemente fagan referencia a *Puffinus puffinus* (22). F. Bernis Madrazo tamén apunta a denominación galega **furabuchos** e a portuguesa **fura-buxo** como específicas para *Puffinus puffinus* (26).

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, ademais das entradas comentadas en *Calonectris diomedea*, aparece **taralou**, defina como ave mariña que toma este nome do seu peculiar canto, e **curricacho**, como ave mariña que tamén se chama **taralou**.

O *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, ademais da denominación xenérica apuntada en *C. diomedea*, inclúe as entradas **furabuche**, **furabucho** e **furabuchos**, que remiten a **furabocho** ou **furabochos**, que define como “ave mariña mais coñecida por **curricacho**” e identifica con *P. puffinus* (aínda que despois **curricacho** non ten entrada propia).

No *Gran Diccionario Xerais da Língua Galega* (2000), de varios autores, ademais das denominacións xenéricas apuntadas en *C. diomedea* e *P. gravis*, aparece a entrada **curricacho** (como galega e

estándar) definida e identificada como *Puffinus puffinus*.

Desde un punto de vista semántico, M. C. Ríos Panisse explica que o termo “**furabuchos**” está composto polo verbo “furar” e por “buchos”, vexiga, e fai referencia aos hábitos alimenticios da especie; “buchos”, bocha, vexiga, tal vez estaría relacionado cunha alga do xénero *Fucus* que se chama así, aínda que esta ave non se alimenta de algas (22). (Se cadra, “buchos” podería estar relacionado coas luras ou coas medusas, que poderían semellar unha bocha.) M. C. Ríos Panisse tamén explica que a denominación popular “*sanmartín*” (en correcto galego, “**sanmartiño**”) parece relacionada coa época do ano na que se ve a ave de forma máis abundante, no outono, e “**taralou**”, “**torolou**” e outras similares son onomatopeias que imitan a voz propia da especie (22). Sobre a posible significación de “**curricacho**”, véxase *Puffinus griseus*.

En relación co nome estándar e coa separación das tres subespecies en especies, M. A. Conde Teira escolle **furabuchos** como nome xenérico, propondo o nome de **furabuchos atlántico** para *Puffinus puffinus* e furabuchos para *Puffinus yelkouan* (27). Aínda non se propuxo, sen embargo, unha solución conxunta tendo en conta *Puffinus mauretanicus.mauretanicus*, para a que se recolle o nome de **pardela balear** (18).

Silverio Cerradelo

OSO

Urdus arctos (Linnaeus, 1758)

Outros nomes en galego: Urso

Nome en castelán: Oso Pardo

Especie protexida en perigo de extinción

Con paso firme e seguro, o voluminoso e imponente oso macho camiña e camiña á procura de alimento. A soidade na que vive, só é alterada na primavera, de maio a xuño, cando tenta atoparse cunha femia para aparearse; momento que provoca posibles encontros e loitas con outros machos.

Ese comportamento solitario e a cor da súa pelaxe, dende o louro ata o pardo aborrallado, que o axudan a mimetizarse co medio, teñen moito que ver en que non sexa doado observar un oso no seu medio natural: no bosque ou nos máis outos cumes cubertos de arandos e queirogas.

A meirande parte das veces coñecemos da súa presenza polas pegadas que vai deixando nas terras húmidas ou lamacentas dos camiños tralas chuvias; ou nas beiras enchoupadas dos regueiros que se deixan debuxar baixo as grandes e fortes patas que, pese a súa aparencia, son coidadosas e ata delicadas ao camiñar e evitan enlamarase buscando sempre a mellor ruta.

Esas extremidades son curtas e con grandes almofadiñas. As dianteiras, ou mans, tan habelenciosas que con elas pode coller parsimoniosamente e con gran delicadeza os arandos, careixós, escaramuxos e outras froitas que supoñen o seu principal alimento.

Coma un boneco, sentado entre as arandeiras, pode pasar longas horas comendo as pequeniñas froitas que con tanta habilidade arrinca da planta e leva á boca sen que se perdan nas súas enormes mans.

As unllas son longas e complementan a funcionalidade das extremidades; esenciais para deixar as súas marcas nas cortizas das árbores, ano tras ano renovadas coma símbolo da súa presenza.

O oso, co seu peso e a súa fortaleza, levanta pedras que nalgúns casos se asemellan ao seu propio peso. Baixo estas rochas atopan formigas e outros pequenos animais que lle serven de alimento.

Con todo, a cabeza deste animal é sen dúbida o que máis chama a atención. Nela destacan o longo fociño e as redondas orellas, tantas veces representadas nos xoguetes. Pero por riba de todo os seus dentóns e as moas carniceiras capaces de dar morte a un cervo



Debuxo: Yosy

ou a unha res; nembargante, o oso non é un cazador habitual, senón que prefire aproveitar os restos da predación dos lobos ou carroñear en calquera cadáver. Só se se atopase coa ocasión, e a necesidade fose moi forte, recurriría o noso animal a matar calquera grande animal para alimentarse, porque o urso é omnívoro e a carne é tan só un complemento.

Nas nosas latitudes, cando chega o duro inverno, as femias preñadas buscan un seguro refuxio. Nas oseiras paren de dous a tres osiños que alimentarán ata a chegada da primavera. Coa retirada da neve sae a nova familia na percura de alimento tralos meses de precaria retirada.

Os machos tamén poden buscar refuxio, dependendo das condicións do seu organismo, se conseguiron ou non alimentarse adecuadamente para pasar o inverno, ou da dureza da mesma estación.

Este magnífico animal, robusto, discreto e nobre, tería que ser o noso emblema, pero foi extinguido da terra galega en tempos recentes. Na actualidade, afortunadamente, volven a visitar tímidamente as fronteiras de León e Asturias. O noso desexo é que algún día entren e se queden para sempre.

Juan Ignacio d'a Silva

PRESTIGE - PERSPECTIVA JURIDICA XERAL

Buena parte de la flota de transporte marítimo internacional está formada por buques antiguos, como el Prestige, que presentan riesgos potenciales para la seguridad de la navegación y el medio ambiente. La edad media de los buques es de 18 años. No están adaptados a las nuevas exigencias técnicas destinadas a la prevención integral de la contaminación. Si se analizan las estadísticas comparativas sobre la antigüedad de los buques y los accidentes puede constatar un mayor número de accidentes entre los más antiguos. El problema está, por tanto, en mejorar las condiciones técnicas de funcionamiento de los buques antiguos o en sustituirlos por buques nuevos.

La utilización de banderas de conveniencia por los propietarios de buques de

La edad media de los buques es de 18 años

transporte marítimo de sustancias peligrosas, hace que los propietarios de los buques eludan la aplicación de las obligaciones del Derecho internacional del medio ambiente. Los propietarios evitan, así, en perjuicio de la mayor precariedad técnica de los buques, los costes económicos derivados de la adaptación de éstos a las exigencias legales para la prevención de la contaminación. Costes que en ningún caso desaparecen sino que, como estamos comprobando, son trasladados a la sociedad en forma de mareas negras. Esos costes ambientales no son asumidos, por tanto, por los beneficiarios del desarrollo de estas actividades, armadores y compañías petroleras, sino que son asumidas, principalmente, por las pequeñas poblaciones dependientes de la pesca y por el medio ambiente en su conjunto.

El Derecho internacional y comunitario nos ofrecen medidas preventivas orientadas a la exigencia de medios técnicos aplicables a los buques.

Restricciones técnicas para mejorar las condiciones de funcionamiento de los buques y de transporte de las mercancías a bordo. Como evidencia la cruda realidad, la compleja normativa internacional está siendo aplicada de modo defectuoso e ineficiente.

El Convenio MARPOL (1973) ha establecido el sistema de doble casco. La finalidad del doble caso

es reducir la cantidad de hidrocarburos que se pierden en el mar como resultado de un accidente. El buque se construye con un casco interior y exterior, separados por dos o tres metros de espacio. En caso de abordaje o varada o choques de baja energía el daño será absorbido, en todo o en parte, por el casco exterior, permitiendo que los tanques donde se transportan los hidrocarburos queden intactos. El problema es que la aplicación de esta medida se ha prorrogado temporalmente de acuerdo con la capacidad de sustitución de los astilleros y, sobre todo, para evitar el impacto económico derivado de la sustitución de los buques tanque. Esto implicará el desguace progresivo de los buques de casco único más antiguos.

Desde el año 2001, la Organización Marítima Internacional (OMI) ha aprobado un plan de eliminación de los petroleros de casco único.

Los petroleros de casco único serán eliminados, dependiendo de las categorías, antes de finales del 2007 o del 2015. El Derecho comunitario prohibirá, en un futuro inmediato, la autorización de petroleros de casco único para navegar con pabellón de un Estado comunitario, así como tampoco se permitirá el acceso a puertos comunitarios de este tipo de buques, con independencia de su pabellón. Esta prohibición se aplicará,

paulatinamente, dependiendo de la fecha de entrega del buque y de su tonelaje. El Prestige entregado en 1976 y de acuerdo con su tonelaje sólo podría haber

El Convenio MARPOL ha establecido el sistema de doble casco. Los petroleros de casco único serán eliminados, dependiendo de las categorías, antes de finales del 2007 o del 2015

accedido a los puertos o terminales no costeros europeos hasta el año 2005 (La propuesta inicial de la Comisión Europea abogaba por adelantar este plazo al año 1999). La prohibición total de los todo tipo de buques de casco único se prolonga hasta el 2015. Es necesario apelar a los responsables políticos para que, en sede internacional o comunitaria, aceleren el proceso de eliminación de los buques de casco único, cuya

PRESTIGE - PERSPECTIVA JURIDICA XERAL

dilación ha sido responsable, en parte, del desastre ocurrido.

De acuerdo con el Convenio MARPOL, las autoridades portuarias están facultadas para la realización de inspecciones mientras el buque se halle en puertos o terminales mar adentro bajo su jurisdicción. En caso de que se aprecien deficiencias el Estado del puerto estará facultado para retener el barco, mientras no se subsanen las irregularidades, y llevar a cabo las medidas sancionadoras correspondientes. Existen, ya, mecanismos jurídicos que permiten fiscalizar la actividad de estos buques, en el caso de que se identifiquen irregularidades.

El Derecho internacional, mediante el Convenio de Bruselas de 1969, establece medidas correctivas, de carácter compensatorio, para este tipo de catástrofes. Se configura un sistema de responsabilidad objetiva. La responsabilidad se deriva de la mera relación de causalidad. No es necesario establecer ningún tipo de culpa o negligencia por parte del autor de la misma. La exigencia de responsabilidad se canaliza automáticamente sobre el armador o propietario del buque. En este caso ello afectaría al armador griego del buque Prestige. La responsabilidad es limitada, aunque los límites pueden desaparecer si el accidente resulta de una “falta personal” del propietario del buque, esto es, cuando el daño se deba a una acción u omisión propia o éste actúe temerariamente. Circunstancia que podría haber concurrido en este supuesto.

En el caso de que la reparación de los daños que no resulten adecuadamente cubiertos por el propietario del buque, ya sea por intervenir alguna de las excepciones al régimen de responsabilidad, ya por incapacidad económica o ya sea porque el daño exceda del límite legalmente previsto, existe un Fondo internacional de compensación de la contaminación por hidrocarburos. Éste se nutre de la participación financiera de las empresas petroleras. Sin duda este tipo de mecanismos correctivos no ofrecen soluciones a un problema que demanda actuaciones preventivas. En pocas ocasiones permiten la reposición del medio a su estado natural, imposible en algunos supuestos, y la compensación justa y rápida de los daños ocasionados, como ya hemos experimentado con el caso de Mar Egeo.

Es necesario modificar el régimen de responsabilidad internacional. En primer término, extendiendo el límite de la responsabilidad para hacer frente a los elevados costes económicos, o incluso, establecer un sistema de responsabilidad ilimitada para los buques inadaptados a las mejores tecnologías de prevención de la contaminación. La adecuada configuración de un régimen de responsabilidad por daños puede ser un buen mecanismo no sólo para la reparación justa de éstos, sino también para incentivar la renovación de los buques tanque y el desarrollo de un transporte marítimo sostenible.

MARPOL faculta a las autoridades portuarias para inspeccionar al buque en puertos o terminales mar adentro bajo su jurisdicción

Evidentemente, los agentes económicos del transporte marítimo internacional actuarán de forma más diligente, cuanto mayor sea el nivel potencial de responsabilidad económica. En segundo lugar, el régimen internacional de responsabilidad debe afectar a un mayor número de agentes económicos del tráfico marítimo. Nos sólo al propietario del buque, como ocurre en la actualidad, sino que debe hacerse extensivo a otros agentes, como el naviero (poseedor o arrendatario del buque) o el fletador (dueño de la carga).

Los Estados comunitarios deberán mejorar los sistemas de seguimiento y vigilancia de los buques peligrosos y reforzar los equipos técnicos de lucha contra la contaminación accidental. En el caso del Prestige, a pesar de la elogiada labor de los profesionales del salvamento marítimo y lucha contra la contaminación, se ha evidenciado una notable carencia de medio técnicos.

También debe ser ésta la oportunidad de revisar el actual sistema de separación de tráfico marítimo o incluso proponer medidas más estrictas de protección para la costa gallega, como la restricción del tráfico marítimo para determinados buques, especialmente peligrosos, o el establecimiento de zonas de especial protección; sin perjuicio, claro está, de las posibles limitaciones técnicas derivadas de la necesidad de control del tráfico marítimo internacional y del adecuado desarrollo de las actividades de salvamento marítimo.

José Pernas García

AVG - II: ANFIBIOS E RÉPTILES

Despois de vinte anos, consideramos que pode ser o momento axeitado para a actualización do Atlas de Vertebrados de Galicia (AVG) , comezando polos Anfibios e Réptiles.

No ano 1.985 a SGHN rematou a elaboración do Atlas de Vertebrados de Galicia, aínda que non se editou ata 1.995, despois de longos avatares, como xa sabedes a maioría de vós.

Despois de vinte anos, consideramos que pode ser o momento axeitado para a actualización de dito Atlas, comezando polos Anfibios e Réptiles da nosa xeografía.

A idea é partir de cero para a confección do Atlas, polo que precisamos a colaboración de tódolos afeccionados e afeccionadas á herpetoloxía, sexan ou non membros da S.G.H.N., e incluso que se transmita esta proposta a outras persoas e asociacións por se estivesen interesadas en colaborar na mesma en maior ou menor grao.

A recollida de datos extenderase dende o ano 2.005 ata ó 2.008, ambos inclusive, e a data de publicación prevista do Atlas será no ano 2.009.

Publicaranse un mínimo de dous boletíns anuais (dentro do Paspallás ou independentes) e remitiranse a tódolos colaboradores, para facer un seguimento parcial das especies e para ver as cuadrículas peor estudadas e encauzar mellor as seguintes zonas a inspeccionar.

Ademais, na propia páxina web da S.G.H.N. actualizaranse os datos conforme vaian chegando, podendo consultar a mesma cos mesmos obxectivos que os indicados no parágrafo anterior.

Dado que a Lei 4/89 esixe unha autorización para a captura de anfibios e réptiles (aínda que posteriormente se liberen sen dano), xestionaranse ante os organismos competentes da Xunta de Galicia as autorizacións pertinentes para quen solicite ou se preste a colaborar neste proxecto. Neste caso, por favor enviade canto antes o voso nome, DNI área de actuación e/ou grupo de interese (anfibios, réptiles, ou ambos).

Para unificar os criterios de traballo, está dispoñible un Protocolo a tal fin, proporcionar pautas e facilitar a colaboración. Igualmente está previsto



Debuxo: Jaime Asensi

marcar unha serie de cuadrículas prioritarias, sobre as que traballar especialmente para permitir comparar as posibles variacións das poboacións do 1º Atlas ó actual.

Os datos obtidos polos colaboradores deben remitirse por correo ao apartado nº 303 de Vilagarcía de Arousa (C.P. 36600) , ou por e-mail a seguinte enderezo: sghnpontevedra@terra.es.

Os rexistros mínimos para aceptar o dato son: especie, data, exemplar illado ou en grupo (neste caso aproximar o número de exemplares se é posible), Concello e cuadrícula UTM 1x1 Km, altitude e nome do colaborador. Dispomos dunha folla en excel para remitir os datos para quen lle sexa máis cómodo deste xeito.

Moisés Asensi Cabirta

OUTRA GALICIA É POSIBLE

Un repaso á situación do medio ambiente de Galicia a través da prensa nos últimos meses amosa un panorama tranquilizador. A conciencia ecolóxica dos galegos incrementouse, os turistas valoran prioritariamente o noso patrimonio natural e os efectos de catástrofes pasadas semellan ter desaparecido. Nembargante os asinantes deste texto -e sen dúbida moitos outros cidadáns- somos conscientes de que o mapa ambiental de Galicia é un catálogo de actuacións desastrosas, debuxado a costa do noso patrimonio natural.

Nos últimos tempos a paisaxe galega sufríu unha crecente e consentida destrución. A eliminación dos seus elementos tradicionais -o entramado parcelario, a rede ancestral de corredeiras, as sebes e os muros- e o absoluto desprezo pola arquitectura, unidos á desaparición dos nosos bosques autóctonos e a proliferación de prantacións, converteron ao noso territorio nun desastre.

Os solos non merecen nengunha atención e o seu uso inaxeitado, prívanos dun recurso vital. Ríos e regatos son considerados unicamente dende unha perspectiva mercantilista. Namentras, a política de augas continentais límitase ao represado e á construción de minicentraís, de xeito que non só os cauces, senón tamén as ribeiras e formas de modelado que xeran, como por exemplo rápidos e fervenzas.

No litoral a situación non é diferente. As áreas costeiras vense coma terreos urbanizables onde proliferan paseos marítimos, aparcadoiros, peiraos deportivos e piscifactorías. Comunidades biolóxicas mariñas son sepultadas por innumerables recheos que alteran a dinámica das augas modificando as correntes, ó tempo que a contaminación no mar incrementase exponencialmente coma consecuencia do verquido de todo tipo de refugallo.

Como alternativa, preséntasenos unha política de conservación da natureza puramente propagandística. Pero o máis grave é que para elo se vulnera o marco xurídico vixente (véxase por exemplo as actuacións nos denominados “Espacios en réxime de protección xeral”) ou empréganse coma respaldo órganos de control absolutamente dependentes da Administración, coma a Comisión Galega de Medio Ambiente.

Por non falar de cando se invocan estudos de

impacto ambiental, de obxectividade cuestionable e carácter puntual, que ignoran o efecto multiplicativo do conxunto de actuacións que se realiza nun territorio. Exemplos significativos son os casos relacionados con parques eólicos, recheos marítimos ou aproveitamento hidroeléctricos dos nosos ríos.

Fronte a esta realidade, nós pensamos que Galicia pode e debe ser pensada no seu conxunto. Que, dende unha perspectiva de ordeación integral do territorio, é imprescindible unha actuación sobre a totalidade da

nosa comunidade autónoma que ordee a actividade urbanística e a política de industrialización e dotación de servizos, á vez que defina uns criterios para a correcta protección do medio natural. Unha actuación que, dende o profundo coñecemento de cada caso, declare áreas protexidas que garantan a defensa do patrimonio ecolóxico e proporcione un excitado aproveitamento dos

recursos.

Cando escomezamos un nascente tempo histórico, a Era da Revolución Dixital, o diseño dunha política ambiental ligada ás peculiaridades da nosa paisaxe e ás novas circunstancias tecnolóxicas e culturais é, a todas luces, un obxectivo imprescindible.

Dende campos de especialización distintos compartimos unha diagnose pesimista da situación ambiental de Galicia. En contra da tendencia actual, compartimos tamén a idea de que a nosa obriga cmo cidadáns e científicos é dar a coñecer a nosa posición. Máis aló da propaganda, cremos que é un bo intre para lembrar que o Medio Ambiente débese converter nunha prioridade, impregnando todas e cada unha das accións de goberno. Pero, de xeito especial, queremos lembrar que outra política ambiental é posible. O futuro de Galicia depende en boa medida delo.

Pedro de Llano. Catedrático de Teoría e Representación da Arquitectura. U. da Coruña

Eduardo García-Rodeja. Catedrático de Edafoloxía. U. Santiago

Javier Guitián. Catedrático de Botánica. U de Santiago
Augusto Pérez-Alberti. Catedrático de Xeografía. U. de Santiago

Victoriano Urrigorri. Catedrático de Zooloxía Mariña. U. de Santiago

Publicado na revista Quercus nº 227 e reproducido con autorización dos autores.



BIOLOGÍA MARIÑA

ESTUDIO PRELIMINAR DE LOS INVERTEBRADOS MARINOS HALLADOS EN LOS PUERTOS DE GALICIA. INTRODUCCIÓN

En Diciembre de 1992 el petrolero “Aegean Sea” encalló en la entrada del puerto de A Coruña, derramando todo el petróleo que llevaba en sus bodegas. A mediados de éste mismo mes se realizaron una serie de prospecciones por las costas afectadas con el fin de comprobar los efectos del crudo sobre la fauna y la flora de la zona. En éstas prospecciones en las que participó el autor, se llegó hasta el puerto de Malpica, en donde, por casualidad, se revisaron los restos que había dentro de las nasas. La sorpresa fue encontrar especies de moluscos que se suponían tan raras como *Nucella rolani* (Bogi & Nofroni, 1984) ó *Calliostoma conulus* (Linné, 1758), y que aparecían en cantidades considerables, sobre todo en el caso de la primera.

Es en ese momento cuando comienza a pensarse que el estudio sistemático de los puertos de Galicia puede dar resultados interesantes, aunque no es hasta 5 años después cuando se establece una metodología de trabajo y se empiezan a recoger las primeras muestras.


Diez años después, en Noviembre de 2002 otra nueva catástrofe, ésta vez la mayor de la historia de Galicia, es provocada por el hundimiento del petrolero “Prestige”. Al saber que prácticamente todas las nasas y aparejos de pesca son retiradas a tierra, se realiza rápidamente una inspección sistemática de todos los puertos de la costa gallega, con el fin de recoger todos los datos posibles.

MATERIAL Y MÉTODO

El material está constituido por todos los invertebrados marinos encontradas en las nasas y redes que se guardaron en bolsas adecuadas y debidamente marcadas con los datos correspondientes, para determinar posteriormente las especies dudosas.

Los phylum de los cuales se han guardado muestras corresponden a: moluscos, artrópodos, braquiópodos, briozoos, equinodermos, cnidarios y poríferos.

Se realizó un muestreo sistemático con la revisión de 73 instalaciones portuarias de diferente importancia localizadas en nuestras costas, de las cuales 30 de ellas se han visitado repetidamente. Se escogieron aquellas en las que la presencia de nasas y otras artes es habitual y constante y de las se han tomado todos los datos y son de Norte a Sur:



BIOLOXÍA MARIÑA

10 en la Zona Norte:

Foz, Burela, Viveiro, O Vicedo, O Barqueiro, Espesante, Cedeira, Mugardos, Lorbé y A Coruña.

10 en la Zona Centro:

Caión, Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Santa Mariña, Camariñas, Muxía, Fisterra y Lira.

10 en la Zona Sur:

Muros, Porto do Son, Ribeira, O Grove, Portonovo, Bueu, Aldán, Cangas, Bayona y A Guarda.

Se ha realizado siempre un examen exhaustivo de todas las artes que pudieran encontrarse en las instalaciones portuarias visitadas debido a que en los puertos mencionados, estas artes se corresponden a pequeños barcos de bajura que nunca salen más allá de unas pocas millas náuticas de los mismos.

No se ha establecido un orden lógico de visitas a los puertos objeto de estudio, pero sí se ha tratado de recolectar material en cada uno de ellos un mínimo de 10 veces a lo largo de 5 años, para así obtener unos datos representativos mínimos.

DISCUSIÓN

Desde los primeros exámenes realizados se observó que el hallazgo de especies que no eran encontradas con otros métodos de muestreo era habitual debido a que:

* La recolección con “snorkel” está limitada a fondos someros.

* Con escafandra pueden hacerse con frecuencia pero en escaso fondo.

* Con draga, se hacen sobre fondos de cascajo, arena ó fango, pero nunca sobre rocas.

La aparición de especies


poco habituales es debida a que, por ejemplo, con las nasas se tiene acceso a material de los fondos de roca de entre 30 y 100 metros de forma habitual e incluso mayores profundidades, que no son alcanzadas con los referidos métodos tradicionales.

CONCLUSIONES


MOLUSCOS

Se han recogido un total de 229 especies diferentes de gasterópodos, bivalvos, poliplacóforos, escafópodos y cefalópodos. De entre los que cabe destacar la aparición de 1 nueva especie de gasterópodo desconocida hasta la actualidad, 12 nuevas citas para Galicia y 16 confirmaciones de citas inseguras ó sobre las que había muy pocos datos.

Nº DE ESPECIES



En el Gráfico 1 se representan las cifras totales de gasterópodos, bivalvos y el total de la suma de ambos, pudiendo apreciarse como la zona comprendida entre las poblaciones de A Coruña y O Grove es con diferencia la más rica en cuanto a especies recolectadas, con los picos más representativos en las localidades de Malpica, Camariñas, y Muros.



- 1.- *Orania fusulus*
 3.- *Schilderia achatidea*
 5.- *Coralliophila* sp

ARTRÓPODOS

Nos hemos centrado en los crustáceos, de los que se han podido recoger al menos 75 especies diferentes. Cabe destacar la aparición de especies que podrían ser la primera cita para Galicia como *Bathynectes longipes*, *Calappa granulata* y *Xaiva biguttata* y la confirmación de *Monodaenus couchi*.

BRAQUIÓPODOS

Ha sido posible encontrar hasta 4 especies diferentes entre los 30 puertos estudiados: *Novocrania*

- 2.- *Euspira notabilis*
 4.- *Nucella rolani*
 6.- *Coralliophila squamosa*

anomala (Müller, 1776), *Megerlia truncata* (Linné, 1767), *Gryphus vitreus* (Born, 1778) y *Terebratulina retusa* (Linné, 1758).

EQUINODERMOS

Han sido 15 las especies halladas en los 30 puertos objeto de estudio. No hay ninguna especie a resaltar, salvo que por medio de éstas artes es posible encontrar ejemplares enteros de *Spatangus purpureus* u ofiuroides que de otra forma resulta prácticamente imposible localizar.

CNIDARIOS

Entre 20 y 25 especies diferentes de éste grupo han sido obtenidas en ésta revisión. Cabe destacar la presencia de, al menos, 2 especies diferentes de corales negros y otras dos de corales de profundidad.

BRIOZOOS

Todos los lotes de briozoos hallados están en la actualidad en revisión por parte del profesor Eugenio Fernández Pulpeiro de la Facultad de Biología de la Universidad de Santiago, por lo que no es posible hasta la fecha dar datos al respecto.

PORÍFEROS

Debido al alto grado de especialización requerido para la correcta determinación de las especies de éste phylum y a la cantidad de trabajo acumulado que han de sacar adelante los especialistas en él, no hay posibilidad de dar ningún dato al respecto. Tan sólo aportar que se han recogido 103 lotes de poríferos, compuestos en una gran mayoría por diversas especies y entre los que estimamos puede haber más de 50 diferentes.

Después de la catástrofe del “Prestige” no sabemos con certeza de que forma van a poder verse afectadas las poblaciones de invertebrados estudiadas. Hay que tener en cuenta que los datos citados en éste trabajo son previos al hundimiento del petrolero y que hasta entonces, la zona más rica y en donde los datos recogidos resultaban ser los más interesantes era, tal y cómo se comenta con anterioridad, en la “Costa da Morte”. Precisamente ésta ha sido

la zona más afectada de todo el vertido. La franja intermareal ha resultado completamente arrasada y creemos que los fondos cercanos también.

En la mayor parte de los casos, las especies que significaron la primera cita para Galicia, han sido encontradas única y exclusivamente en éste tramo de costa.

AGRADECIMIENTOS

Quisiera agradecer en primer lugar al Dr. Emilio Rolán su absoluta colaboración en éste trabajo. Al Profesor Fernando Álvarez y a su mujer Covadonga Brime de la Facultad de Geología de La Universidad de Oviedo, por su ayuda en la determinación de las especies de Braquiópodos. Al Profesor Eugenio Fernández Pulpeiro de la Facultad de Biología de la Universidad de Santiago por su ayuda en la determinación de las especies de briozoos. A Agustín Alcalde, Alberto Vieiro y Paco Carballo, compañeros de la Sociedade Galega de Historia Natural y a Emilio Villa Álvarez y a Carlos Núñez Cortés por haberme acompañado en diferentes ocasiones en la recolección de muestras. A Antonio Lista, Patrón Mayor de la Cofradía de Pescadores de Camariñas y a los pescadores de éste puerto que se han prestado a traer de sus propias nasas todo el material que ha ido apareciendo en ellas, así como a otros que también han colaborado como Pablo de Camelle y José Manuel de Celeiro.

BIBLIOGRAFÍA

BESTEIRO, C Y URGORRI, V., 1988. Inventario dos equinodermos de Galicia. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Edición do Castro. 51 pp.

CADÉE, G. C., 1968. Molluscan biocenoses and tanatocenoses in the Ría de Arosa, Galicia, Spain. Zool. Verh. 95 121. E. J. Brill, Leiden. 121 pp, 6 láms.

CAMPBELL, A. C., 1979. Guía de Campo de la Flora y Fauna de las costas de España y de Europa. Editorial Omega S. A. Barcelona. 336 pp.

FALCIAI, L. Y MINERVINI, R., 1995. Guía de los crustáceos decápodos de Europa. Ediciones Omega, S.A. Barcelona. 299 pp.

GONZÁLEZ GURRIARÁN, E. Y MÉNDEZ, M., 1986. Crustáceos decápodos das costas de Galicia. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Edición do Castro. 242 pp.

HIDALGO, J. G., 1917. Fauna malacológica de España, Portugal y las Baleares. Trabajos del Museo Nacional de Ciencias Naturales, serie Zoología, 30. Madrid. 752 pp.

OCAÑA, A., SÁNCHEZ, L., LÓPEZ, S., VICIANA, J. F., 2000. Guía submarina de invertebrados no artrópodos. Editorial Comares S. L. Granada. 471 pp.

RAMONELL, R. 1985. Guía dos mariscos de Galicia. Editorial Galaxia. Vigo. 293 pp.

RIEDL, R., 1986. Fauna y Flora del Mar Mediterráneo. Ediciones Omega, S.A. 858 pp.

ROLÁN, E., 1983. Moluscos de la Ría de Vigo. I. Gasterópodos. Thalassas, 1 (1), 384 pp.

ROLÁN, E., OTERO SCHMITT, J. J. Y ROLÁN ÁLVAREZ, E., 1989. Moluscos de la Ría de Vigo II. Poliplacóforos, Bivalvos, Escafópodos, Cefalópodos. Thalassas, Anexo 2. 276 pp.

ROLÁN, E. Y OTERO SCHMITT, J. J., 1996. Guía dos moluscos de Galicia. Editorial Galaxia. 318 pp.

Juan E. Trigo Trigo

Urb. Agro Novo nº 3

15280 Os Ánxeles-Brión (A Coruña)

INTRODUCCIÓN DE ESPECIES

A SGHN, por mor do Día Mundial de Medio Ambiente, centrou algunhas das súas actividades na divulgación do problema que representa a introducción de especies invasoras. Neste eido presentou un escrito dirixido ó Conselleiro de Medio Ambiente



Procambarus clarkii Foto: Xosé Lois Rey (Montefurado- Lugo)

para lle facer partícipe da nosa preocupación pola proliferación na introducción de especies alóctonas e a súa expansión.

Paralelamente a este escrito presentáronse outros sobre temas concretos como a notable presenza do visón americano na Illa de Sálvora (*Mustela vison*) ou a invasión de unlla de gato (*Carpobrotus* spp) no espazo natural “Complejo Intermareal Umia-Ogrove”, neste último caso levamos insistindo dende hai varios anos no desprazamento de especies vexetais dunares autóctonas que ocasiona. Finalmente accedeuse á proposta da SGHN e estase a arrincar os pes desta planta no Istmo do Carreirón (Illa de Arousa).

O incremento da presenza e distribución de diversas especies animais e vexetais de carácter alóctono, por introduccións accidentais ou intencionadas, é moi preocupante pois moitas estanse a converter en especies invasoras. Existen exemplos tradicionais

coma o visón americano (*Mustela vison*), introducido en diversos lugares de Galicia, dende o establecemento de granxas industriais para peletería, a partires de animais fuxidos ou liberados por desaprensivos; o cangrexo americano de río (*Procambarus clarkii*) que, dende a súa introducción en 1974, desprazou ó cangrexo autóctono por transmisión da afanomicose. Menos espectacular pero igualmente grave, resultan as introduccións de insectos, arácnidos e outros invertebrados vivos procedentes das selvas tropicais intensamente deforestadas, que viaxan nos troncos das árbores taladas que logo se amorean nos portos sen estar totalmente decodiados, como se detectou no peirao de Vilagarcía. A enumeración de exemplos é inmensa e alarmante. A cifra de plantas vasculares de orixe foráneo localizadas en Galicia é de 197

(aínda que delas alomenos 61 son cultivadas intencionadamente), as anátidas asilvestradas son cada vez máis numerosas e cada día son localizadas novas especies.

Neste mesmo mesmo **PASPALLÁS** temos o exemplo da bolboreta dos xeranos *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 ou a localización dunha tartaruga de orellas *Trachemys scripta* (Schoepf, 1792), orixinaria do continente americano, facento unha posta de ovos no sistema dunar de Doniños (Ferrol) ou a liberación desta especie en moitos humedais, competindo e desprazando ás especies autóctonas. Outra expresión da perigosidade e falla de control son os animais que viaxan como polizóns, a meirande parte morren durante a viaxe ou non se aclimatan, pero outros si o fan como os exemplos indicados neste artigo, ou aínda que non se aclimaten directamente son potencialmente perigosos para o

INFRAESTRUCTURAS VIARIAS

home, como as víboras arborícolas (*Trimeresus popeorum*) que chegaron nun contenedor dende Hong Kong a Ferrol.

É evidente que tanto a administración coma os cidadáns amosan un escaso interese ou desidia por esta situación, pois non valoran axeitadamente que a introducción destas especies en territorios alleos ós da súa orixe ten a míudo nefastas consecuencias:

a) Competencia coas especies autóctonas polo alimento e/ou o espacio.


b) Depredación de especies autóctonas.

c) Transmisión de enfermidades incluso aos humanos, (turalemia en 1998 e 2001 asociada ó manexo do cangrexo vermello americano).

Con esta argumentación básica, solicitouse ó Conselleiro de Medio Ambiente unha serie de medidas correctoras urxentes que deben estar marcadas por un

b) O desenvolvemento de Plans de Actuación concretos para erradicar especies coma o visón americano (*Mustela vison*), o cangrexo bermello americano (*Procambarus clarkii*), a unlla de gato (*Carpobrotus* spp), o palmito arxentino (*Cortaderia* sp), as acacias (*Acacia* spp) e actuación inmediata sobre as poboacións incipientes.

c) Unha campaña informativa dos efectos prexudiciais causados pola introducción ou liberación irresponsable de especies, tanto para adorno, caza ou pesca, coma variantes xenéticas que contaminan ás especies silvestres (patos



Orde: Mirtifloras
 Familia: Onagraceae
 Especie: *Oenothera* spp

| | |
|---------------------|-----|
| Cobertura (%) | 2,7 |
| Datos non repetidos | 10 |



Oenothera sp, florecendo en xaneiro

calendario definido.

a) Aplicación estricte da lexislación vixente, e o desenvolvemento dunha específica e avanzada para regulamentar o manexo destas especies que defina os medios de control sobre a introducción de novos organismos.

domésticos, coellos, etc).

d) A formación da gardería no Convenio CITES e lexislación complementaria, con actuacións sobre as tendas de venda de animais e plantas da nosa Comunidade Autónoma.

Na última década varias

plantas introducidas están a incrementar a súa distribución, algunhas son máis patentes, tanto pola maior presenza coma pola vistosidade que as acompañan, caso do palmito arxentino (*Cortaderia* sp) presente inicialmente en xardíns e áreas perto da Autopista do Atlántico, onde se usou como planta ornamental e que contribuíu á súa aclimatación e expansión. Outro caso é a expansión a través dos comareiros de *Oenothera* spp, neste caso trátase de dúas especies semellantes. Un dos problemas máis importantes é a falla de información sobre a distribución e o avance, así como a insensibilidade e desinterese da administración e cidadanía en xeral por esta situación.

No caso concreto do grupo *Oenothera* vemos no mapa adxunto unha distribución aproximada, pero moi incompleta, xa que en Galicia a presenza real é moi superior á mostrada no mapa.

Xosé Lois Rey Muñiz

***Cacyreus marshalli*, Butler, 1898 EN GALICIA**

Dentro do Programa de cartografiado da entomofauna galega, detectouse durante o ano 2004 a presenza e reprodución de *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 en varias localidades galegas, sendo a primeira vez que se constata a reprodución en Galicia

INTRODUCCIÓN

Dentro do Programa de cartografiado da entomofauna galega, detectouse durante o ano 2004 a presenza e reprodución de *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 en varias localidades galegas, sendo a primeira vez que se constata a reprodución en Galicia e pechando a expansión desta especie na Península Ibérica, dende que fora detectada por vez primeira en 1991 e confirmada a reprodución en 1993 no levante ibérico. En 2003 publicouse a súa presenza en varias localidades galegas (RODRÍGUEZ et al., 2003).

Dado que está considerada unha plaga para os xeranos ornamentais (*Geranium* spp, *Pelargonium* spp) informouse á Consellería de Agricultura da súa presenza, quen nos remiteu á Estación Fitopatolóxica do Areiro (Pontevedra), onde nos confirmaron que tiñan unha referencia da súa presenza hai dous anos aproximadamente, pero non contaban con maiores detalles.

Taxonómicamente está encadrada na tribu Lampidini, desta tribu teñen representación en Galicia e na península Ibérica dúas especies máis que son *Lampides boeticus* (L., 1767) e *Leptotes pirithous*



Imago de *Cacyreus marshalli* Butler, 1898

(L., 1767), de ampla distribución en Galicia e habitualmente abundosas.

COROLOXÍA

Dende a confirmación da presenza (1991) e reprodución (1993) o avance desta especie foi rápido. En 1993 detectouse en Zaragoza, Logroño, Alicante e Valencia, Madrid (1995), Girona (1996), Sureste de Francia (1997). Actualmente está presente en case tódalas rexións, con especial incidencia no leste peninsular e Cáceres; GARCÍA-BARROS et al., 2004), neste último caso claramente por unha especial intensidade de mostraxe.

FENOLOXÍA

A presenza de *C. marshalli*

detectouse dende xuño a agosto, con alomenos dúas xeracións na provincia de Ourense. Noutras localidades do leste peninsular detéctase a presenza de imagos dende febreiro ata novembro, cun máximo en agosto e setembro (SARTO et al., 1994).

ETOLOXÍA- BIOLOXÍA

A ovoposición prodúcese no capítulo floral sen abrir, sendo os primeiros estadios das larvas endófitos. Cando se produce o nacemento da larva, esta desprázase hacia o interior da inflorescencia por entre os sépalos ou perforando os propios sépalos (SARTO, 1998).


Nas mostras observadas, só detectamos a presenza no exterior

Cacyreus marshalli, Butler, 1898 EN GALICIA

da planta na última fase larvaria, previa á pupación e normalmente na base da planta. A pupación realízase tamén na base da planta (*Geranium* spp).

A alimentación, segundo a bibliografía consultada é exclusiva sobre a familia Geraniaceae (Dicotiledonia, Geraniales). En Galicia só se detectou sobre *Geranium* spp, pero no leste da Península as plantas máis afectadas son as pertencentes ó xénero *Pelargonium*. Nos mostreos de campo prestouse especial atención ás plantas do xénero *Erodium*, autóctonas, para verificar se tamén son afectadas por esta praga, sen que se descubrixe ata a data, ningún exemplar en calquera dos seus ciclos.

Un elemento a ter en conta é que durante o mes de agosto de 2004 (especialmente húmido) observouse que varias



Orde: Lepidoptera
Familia: Lycaenidae
Especie: *Cacyreus marshalli* Butler, 1898

| | |
|---------------------|-------|
| Cobertura | 2,2 % |
| Datos non repetidos | 8 |

Pupa de *C. marshalli* Butler, 1898



pupas estaban infectadas de fungos (duas sobre cinco).

Os distintos exemplares detectáronse dende practicamente o nivel do mar, ata os 130 m en Ourense.

Novamente temos un exemplo de introdución dunha especie foránea (oriunda de Suráfrica) con alta capacidade de adaptación e colonización.

Os danos sobre o comercio dos xeranos son enormes e queda por coñecer se se adaptará ás especies autóctonas, como as do xénero *Erodium*.

***Cacyreus marshalli*, Butler, 1898 EN GALICIA**

Agradecemos que se nos informe de calquer avistamento que se produza desta especie en Galicia. M a n t e r e m o s informados a tódolos colaboradores do seu avance en Galicia.

**Texto e Fotos:
Xosé Lois Rey
Muñiz**



Larva de *C. marshalli* Butler, 1898

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA-BARRÓS, MUNGUIRA, M, MARTÍN CANO, HOMO BENITO, H., GARCÍA-PEREIRA, P & MARAVALHAS, E.S. 2004. Atlas de las mariposadas diurnas de la Península Ibérica e islas Baleares (Lepidoptera: Papilionoidea & Hesperioidea). 228 pp. Monografías SEA Vol. 11. Zaragoza.

REY-MUÑIZ, X.L. & DOCAMPO, F. 2004. Presencia y reproducción de *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 en el noroeste peninsular, España. SHILAP Revta. Lepid. 32(127):264.

RODRÍGUEZ GRACIA, V., RODRÍGUEZ ROMERO, X., RODRÍGUEZ ROMERO, A. & de JESÚS GONZALEZ, J.A. 2003. Relaciones Geraniaceae y Lycaenidae. Panel XV Bienal de la Real Sociedad Española de

Historia Natural. A Coruña, 10-13 de diciembre de 2003.

SARTO I MONTEYS, V. 1993. Primer hallazgo en el continente europeo de puestas del licénido sudafricano *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 (Lepidoptera:Lycaenidae). SHILAP Revta. Lepid. 21(83):191:197.

SARTO I MONTEYS, V. 1994. Datos sobre la fenología y la presencia del taladro de los geranios en la península ibérica. SHILAP Revta. Lepid. 22(87):263.

SARTO I MONTEYS, V. 1998. El taladro de los geranios *Cacyreus marshalli* Butler, 1898 se establece en Francia. Nuevos datos sobre su biología (Lepidoptera, Lycaenidae). SHILAP Revta. Lepid. 26(104):221:227.

A Sección de Entomoloxía agradece que se lle remitan datos que axuden a completar os mapas que imos publicando (ou outros no futuro).

Existe un protocolo que recolle as normas básicas, modelos de fichas, taxonomía válida, etc. e que se lle enviará a quen o solicite.


Hai outras posibilidades de colaboración, como recoller exuvias de Odonatos, volvoretas e outros insectos que atopedes mortos (nos comareiros das estradas, por exemplo) e envialas para que as determinen especialistas.

Cicais coñezades a alguén que teña unha colección de insectos que xa non lle interese e nola entregue ou permita recoller os datos, etc. Toda canta colaboración se reciba é importante.

Quen queira ampliar información ou pedir fichas, pódese por en contacto coa Sección de Entomoloxía Apdo. de correos nº 303 36600 Vilagarcía de Arousa Pontevedra.

Gracias pola vosa colaboración.

VEJETACIÓN DE CANTIS



"Armeria maritima"

Anabel Viñas
2014

É este un medio moi hostil para o desenvolvemento da vexetación. Varios factores adversos caracterizan estes ambientes: altos niveis de salinidade, forte pendente, acometidas do mar, acción do vento, elevada insolación e sequedade. Todos estes factores fan que só un reducido número de plantas sexan capaces de desenvolverse. Como resposta a estas condicións adversas aparecen unha serie de adaptacións, empregando mecanismos como o engrosamento de talos e follas formando depósitos de auga como pirixel de mar (*Cribmum maritimum*); redución ou enrolamento das follas para diminuír a transpiración (*Spergularia rupícola*), citamos o

nome científico cando non se coñece o nome vulgar; adopción de formas almofadadas, para contrarrestar os efectos do vento, é o caso da herba de namorar (*Armeria* sp); revestimentos de cor clara e pilosidade, coa fin de combater a insolación como a estralamar (*Plantago coronopus*).

Atendendo aos distintos índices de salinidade, distribúese a vexetación en tres niveis: nun primeiro nivel, nas partes máis baixas das rochas, onde o contacto co mar é maior, co que isto supón de efectos abrasivos e exceso de salinidade, no que só sobreviven algunhas especies de liques e as plantas mellor adaptadas: pirixel de mar, *Silene vulgaris* ssp *maritima*, herba de namorar.

Nun segundo nivel, onde a salinidade é máis atenuada, distribúense un maior número de especies, aproveitando fendas ou pequenas terrazas onde se acumulan sedimentos. Tenden aquí a adoptar formas almofadadas, para facer fronte aos fortes ventos. Como especies máis frecuentes citaremos *Cochlearia danica*, *Jasione crispera*, *Daucus carota*, *Rumex acetosa* (aceda), *Beta vulgaris* ssp *maritima*, *Angelica pachicarpa* e *Limonium vulgare*.

Nas partes máis altas dos cantís, nas que o nivel de salinidade é moito menor, aparece unha vexetación de matogueiras con queirugas e toxoiras, e pasteiros con gramíneas e outras plantas.

Texto: Piedade Viñas
Debuxo: Anabel Viñas

¿FUXIRON AS ESTRELAS?

A espectacularidade do ceo nocturno dende sempre foi considerado dunha gran beleza e fonte de inspiración o longo dos tempos, non só dos astrónomos, senon tamén de artistas, pensadores, escritores, etc., e mesmamente ten sido unha importantísima guía de mariños e viaxeiros. Mais hoxe, aínda que as estrelas brillan coma sempre, unha especie de néboa de cor grisenta ou laranxada que toma a forma dunha nube luminosa sobre o ceo escuro, impídenos poder observalas coa nitidez de antano. A este fenómeno chámase Contaminación Lumínica.

A orixe desta néboa, é a luz das cidades, vilas, estradas, complexos industriais, etc., que se reflicte nas partículas de po e no lixo da atmósfera. A abundancia de partículas en suspensión aumenta a dispersión da luz, e canto máis contaminado está o aire, máis forte é o fenómeno. Debido a isto, só as estrelas de maior magnitude poden ser vistas dende as cidades e incluso ás veces dende os montes. É tal a gravidade que algún observatorio astronómico que se atopaba en núcleos urbanos, veuse forzado a pechar as súas instalacións.

“As xeracións futuras teñen dereito a herdar unha terra non contaminada, incluíndo un ceo puro” (Declaración de dereitos das xeracións futuras da UNESCO)

O uso no alumeadado público de luminarias deseñadas incorrectamente, que en lugar de



enviar a luz a onde se precisa, que é o chan, en xeral dispérsana cara o ceo, como fan as luminarias tipo globo (ver imaxe) ou proxectores que alumean o ceo directamente (ver imaxe). Engadiremos tamén a falta de control sobre o peche de iluminación en edificios de interese artístico, anuncios luminosos, espectáculos públicos, etc., e o uso de lámpadas incandescentes, de mercurio, fluorescentes ou de sodio de alta presión, en lugar das de sodio de baixa presión.

Os efectos da contaminación lumínica, aínda que non o pareza, teñen grandes consecuencias de tipo económico, cultural e ecolóxico.

As consecuencias económicas son: aumento do consumo de enerxía, xa que por exemplo unha luminaria de globo mais de 50% da luz pérdese en iluminar o ceo. As lámpadas de vapor de mercurio consumen un 140% máis que unha semellante de vapor de sodio de baixa presión.

As consecuencias culturais son: Someter a inutilidade moitos dos telescopios existentes. Gracias a observación do ceo se

desenvolven a Física, Filosofía, Matemáticas e por suposto a Astronomía, pero hoxe a xente nova non coñece expresións habituais dos nosos antergos, tales como Camiño de Santiago, Vía Láctea, As tres Marías, o Carro, Choiva de Estrelas...

As consecuencias ecolóxicas son tal vez as máis evidentes, xa que temos perdido a maior parte do patrimonio paisaxístico e natural nocturno. O exceso de consumo eléctrico innecesario acentúa o sacrificio de recursos escasos que ademais o seu tratamento orixina unha fonte de contaminación por restos radioactivos, CO₂, chuvia ácida, residuos de metais pesados coma o mercurio, etc. Os excesos de iluminación teñen efectos negativos sobre moitos seres vivos, como ocorre coa pardela de Canarias que se cega e morre contra as luminarias mal apantalladas.

As solucións están na nosa man, non son cartos, só boa vontade.

**Texto: Paulino Gasalla
Foto: Paulino Gasalla**

LEXISLACIÓN

Recollemos as novidades legislativas de interese ambiental máis destacadas.

Nos seguintes PASPALLÁS pretendemos recoller toda a lexislación ambiental que se publique e que estea a disposición unha copia nas bibliotecas da SGHN.

De cada norma recóllese a denominación oficial e o boletín no que foi publicado, así coma un resume ou articulado básico que a defina.

Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan os húmidais protexidos.

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

nº 108 de 7 de xuño de 2004

“Artigo 2º.-Criterios caracterizadores dun humidal protexido.

1. Un humidal poderá ser declarado protexido cando cumpra algún dos seguintes criterios:”

- Que sexa considerado constitutivo dunha paisaxe natural.
- Cando sexa importante para o mantemento de funcións ecolóxicas.
- Cando supoña un exemplo raro ou único dun tipo de humidal.
- Cando sustente poboacións de especies vexetais ou animais importantes para manter a diversidade biolóxica.
- Cando sustente nunha etapa crítica do seu ciclo biolóxico especies vexetais ou animais características dos húmidas.
- Cando sustente de maneira regular unha poboación importante de aves acuáticas invernastes (excluídos os láridos).
- Cando posúa interese paleoambiental, histórico, cultural ou etnográfico.

Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se publica o Primeiro Plan de Continxencias por Contaminación Mariña das Rías Galegas

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

nº 214 de 14 de Nadal de 2004.

Ten como obxecto servir de ferramenta e protocolo de actuación para contribuír a paliar os efectos de episodios de contaminación mariña orixinados en terra. Na declaración de principios do Plan, recóllese que é resultado dun traballo levado a cabo en distintas fases, cunha revisión de toda a información dispoñible sobre zonas de produción natural de recursos pesqueiros, de produción acuícola, de zonas húmidas e espazos naturais tributarios de especial protección en virtude da súa flora e fauna. Posteriormente, procedeuse a un traballo de campo para inventariar e avaliar todas as posibilidades de actuación do operativo, no suposto dun episodio de contaminación mariña.

Decisión de la Comisión de 7 de decembro de 2004 po la que se aproba, conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

DIARIO OFICIAL DA UNIÓN EUROPEA do 29 de nadal de 2004

Recolle os espazos propostos pola Xunta de Galicia e o Estado Español para ser incluídos na Rede Natura 2000 da rexión bioxeográfica atlántica.



Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.
DIARIO OFICIAL DE GALICIA

nº 252 do 29 de nadal de 2004

Artigo 1º.-Obxecto e fins.

1. Créase o Consello Forestal de Galicia co obxecto de facilitar unha adecuada xestión sustentable dos montes galegos e fomentar o desenvolvemento económico, social e ambiental do sector forestal.
2. O Consello Forestal de Galicia é o órgano consultivo e asesor da Administración Forestal e ten como fin dar cumprimento ao principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

TABOLEIRO DE NOVAS


Medios anticontaminantes mariños de España

Dentro da Unión Europea, España ocupa o quinto lugar pola cola en buques anticontaminación, con menos medios que Malta, Letonia, Lituania ou Portugal. Esta información despréndese do “Inventario da capacidade de resposta contra a contaminación dos membros da UE” elaborado pola Axencia Europea de Seguridade Marítima.

Coa entrada en funcionamento de dous buques polivalentes estatais no 2005 e un destinado pola UE a finais deste ano, así coma catro máis (dous da Xunta e dous estatais) no 2006, agárdase pasar das 240 Tm de almacenamento ás 3.000 Tm, situándonos no sétimo posto en relación aos datos actuais.

Xeiras naturalistas da Delegación de Pontevedra

Dado o condicionante atmosférico para as xeiras, para facilita-la comunicación dos lugares de saída, pódese contactar coa Delegación a través do correo electrónico (sghnpontevedra@terra.es) ou postal, indicando que se está interesado. Deste xeito poderemos comunica-las saídas en función dos condicionantes atmosféricos.



Limpeza dos fondos mariños debaixo as bateas de mexillón (*Mytilus edulis*)

Despois de moitos anos, a limpeza dos fondos mariños, debaixo das bateas semella que se vai encauzar. Estes fondos están cubertos por restos de cordas e cunchas, bolsas e as propias dexeccións do mexillón. O sistema (draga ou aspiración) e o destino dos detritos non está plenamente definido, pero desexamos que a idea prospere e non se vicie con outros intereses.

A Illa de Cortegada, un paso máis

A finais de Nadal de 2004, o Tribunal Supremo sentenciou en contra da inmobiliaria “Cortegada, S.A.” na súa pretensión de que se autorizase a construción dunha ponte que unira a illa de Cortegada con Carril (Vilagarcía). Esta illa conserva un importante e relicto bosque de laurisilva e a súa conservación foi un dos obxectivos principais da SGHN durante moitos anos, ata a inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

4º Symposium da Worldwide Dragonfly Association

26 ó 30 xullo 2005 no campus de Pontevedra da Universidade de Vigo
Interesados contactar con :
Adolfo Cordero,
wda@uvigo.es
<http://webs.uvigo.es/c04/webc04/WDA/index.html>

“Itinerarios geomorfológicos por el noroeste y Centro Peninsular”

FICHA:

Yepes, Jorge (2004). Itinerarios Geomorfológicos por el Noroeste y Centro Peninsular. Tórculo Edicións. 260 pp +100

PEDIDOS:


Tórculo Edicións S.L.

e-mail: torculo@torculo.com

RESEÑA:

A obra recolle seis itinerarios didácticos polo medio físico da Península Ibérica co obxecto de ofrecer ós

alumnos de Bacherelato e primeiro curso de Universidade unha ferramenta útil para desenvolver o hábito de integrar as observacións de campo cos conceptos das aulas.



Contaminación do solo

O consello de Ministros do día 14-01-05 informou que os solos contaminados en España, multiplicáronse por seis na última década. No Plan Nacional de Recuperación de Solos Contaminados 1995-2005, en Galicia estaban inventariados 524 espazos potencialmente contaminados.

O BOSQUE E TI

Creo firmemente que a maior parte da xente non coñece o que é un bosque. E non imos a quedarnos coa imaxe do típico cidadán, de aquí ou de alá, que sae do seu vehículo para quedarse extasiado ante a visión dun eucaliptal, ¡que bosque máis bonito!, ¡que grande!, ¡que ben cheiral.

Sen chegar a tanto despiste reitérome en que a xente non sabe o que é un bosque mixto, xa que por desgraza quedan moi poucos ó noso redor, e os que quedan, son como deben de ser os bosques, pouco accesibles.

A diferenza non é difícil de distinguir; un eucaliptal é unha plantación ordeada dunha especie, que medra rápido para dar cartos con facilidade. Tanto para plantala como para a súa corta, parece preciso movela terra e destruír calquera tipo de vexetal que alí houbera. En tódolos casos onde agora hai eucaliptos houbo “outra cousa”. Se o que se aniquilou foi unha fraga, non existe perdón neste mundo nin no outro, se o houbera, para quen tal fixo.

¿Como podería explicar ó profano a riqueza e o valor que ten unha fraga?. Pois da mesma maneira que faría cunha obra de arte, aconsellarlle que a mire, que se interne nela para redibuxar os trazos do artista, as cores empregadas, a beleza da combinación que se agacha nela.

Aínda que sexa na beira mesmo do bosque, fíxense nese brión mesto e mulido, que os anos foi formando; nas árbores



retorcidas coma figuras que parecen querer falar; a cuberta vexetal tan variada e rica que un botánico podería pasar horas identificando cada planta.

Baixo os eucaliptos, a secura tan so. Nacen silvas, fentos e algún que outro toxo atrevido.

Na fraga todo é humidade, pequenos regatos, as veces ínfimos percorren a case sempre inclinada superficie.

Aquí un castiñeiro, ó lado unha abeleira; ameneiros “a madeira dos zocos”; bidueiros, loureiros; o teixo milenario, que deu nome a tantos pobos; os fermosos acivros, tan relacionados con especies en extinción como a pita do monte; os espiños, as pereiras bravas, e como non, o carballo co seu tronco cuberto de liques, que fan parecer o bosque de prata durante o inverno.

Especies con froitos comestibles que manteñen poboacións enteiras de todo tipo de animais.

Se o bosque é grande, como os que aínda quedan nalgúns puntos de Galicia, e segundo vai ascendendo en altura, imos vendo como cambian árbores e plantas por outras máis propicias para as diferentes condicións que impón a altitude.

No outono, todo se torna en ocres, amarelos e vermellos, e baixo os raios do sol brillan as follas facendo máis vivo, se cabe, o colorido. É o momento no que tódolos animais aproveitan os froitos que lles permitirán pasar o inverno.

E cando este chega, a brancura da neve, tapizando todo como unha alfombra, baixo as árbores espidas que indecorosas, case non agochan ós animais que alí viven.

Por moi ben que ula o eucalipto, é mellor o olor da vida.

Texto e Foto: Yosi

PUBLICACIÓNS DA SGHN

BRAÑA Boletín científico da Sociedade Galega de Historia Natural

| | | | | | |
|------------|---|---------|----------|-----------|---------------|
| Ref.01.001 | Ano 1977.Nº1-2 | 208 pp. | 24x17 cm | ESGOTADO | |
| Ref.01.002 | Ano 1978.Nº1 | 132 pp. | 24x16 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.003 | Ano 1978.Nº2 | 140 pp. | 24x16 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.003 | Ano 1979.Nº1 | 124 pp. | 22x16 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.005 | Ano 1979.Nº2 | 134 pp. | 22x16 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.006 | Ano 1980.Nº1-2 | 216 pp. | 21x15 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.007 | Ano 1985.Nº1-2 (Actas 1ª Xornadas Ibéricas sobre Mamíferos Mariños) | 136 pp. | 24x17 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.01.008 | Ano 1989 (Actas 1º Congreso de Micromicología Galaico-Lusa) | 200 pp. | 22x15 cm | 6,00 EURO | |
| Ref.01.009 | Ano 1994.Nº1 | 101 pp. | 21x15 cm | 9,00 EURO | Socios 6,00 E |
| Ref.01.010 | Ano 1996.Nº1 | 99 pp. | 21x15 cm | 9,00 EURO | Socios 6,00 E |
| Ref.01.011 | Ano 2000.Nº1 | 82 pp. | 30x21 cm | 9,00 EURO | Socios 6,00 E |

(Invernada de aves acuáticas en Galicia durante o quinquenio 1996-2000. Censos da S.G.H.N. e análise dos resultados)

VOCEIROS DE DIVULGACION

| | | | | | |
|------------|--|--------|----------|-----------|------------------|
| Ref.02.001 | "O Asunto Nuclear"(1978) González Gurriarán | 20 pp. | 24x17 cm | ESGOTADO | |
| Ref.02.002 | "As baleas cara á extinción"(1980).Piñeiro, Penas & Durán | 44 pp. | 24x17 cm | ESGOTADO | |
| Ref.02.003 | "Os incendios nos montes"(1983) Cortizo Amaro | 39 pp. | 24x17 cm | ESGOTADO | |
| Ref.02.004 | "O Lobo" (1985) Penas Patiño, X.M. | 40 pp. | 22x16 cm | ESGOTADO | |
| Ref.02.005 | "Os Macizos montañosos Ourensáns" (1985) Rguez Gracia | 80 pp. | 20x15 cm | ESGOTADO | |
| Ref.02.006 | "Avance Programa Esenga 1985-88" (1992) | 30 pp. | 21x15 cm | 2,50 EURO | Socios 1,50 EURO |
| Ref.02.007 | "Incendios forestais 1990" | | 30x21 cm | 5,00 EURO | Socios 4,00 EURO |
| Ref.02.008 | "Consideracións e propostas para a reestructuración medioambiental do e Istmo da Lanzada (Pontevedra) (1994) Rey Muñiz, X.L. | 80 pp. | 30x21 cm | 5,00 EURO | Socios 4,00 EURO |

ROUTEIROS NATURAIS

| | | | | | |
|------------|---|--------|----------|-----------|--|
| Ref.03.001 | "A Frouxeira" 1ª Edición (1977) | 20 pp. | 24x17 cm | 1,00 EURO | |
| Ref.03.002 | "10 sitios de interés natural do Ferrol" (1984) | 24 pp. | 22x16 cm | ESGOTADO | |
| Ref.03.003 | "A Frouxeira" 2ª Edición (1985) | 30 pp. | 21x9 cm | 2,50 EURO | |
| Ref.03.004 | "Corrubedo" (1987) | 45 pp. | 22x15 cm | ESGOTADO | |
| Ref.03.005 | "Doniños" (1990) | 32 pp. | 21x15 cm | 4,00 EURO | |
| Ref.03.006 | "Rutas de Senderismo-Ribera Sagrada" | 14 pp. | 21x17 cm | ESGOTADO | |
| Ref.03.007 | "Monte de San Xurxo-Ferrol" (2001) | 34 pp. | 21x10 cm | ESGOTADO | |

MICOLOXIA

| | | | | | |
|------------|---|--------|----------|-----------|--|
| Ref.04.001 | "Introducción a la Micología"(1986) 1ª Edición | 10 pp. | 21x16 cm | ESGOTADO | |
| Ref.04.002 | "Introducción á Micología"(1987) 2ª Edición | 26 pp. | 21x16 cm | 1,00 EURO | |
| Ref.04.003 | "Introducción á Micología II"(1988) | 20 pp. | 21x16 cm | ESGOTADO | |
| Ref.04.004 | "Hª da Micromicología de Galicia"(1986)1ª Edición | 48 pp. | 22x16 cm | ESGOTADO | |
| Ref.04.005 | "Hª da Micromicología de Galicia"(1987)2ª Edición | 48 pp. | 21x15 cm | ESGOTADO | |
| Ref.04.006 | "Apéndice 1º:Hª da Micromicología"(1988) | 17 pp. | 22x16 cm | ESGOTADO | |

OUTROS

| | | | | | |
|------------|--|---------|----------|-------------------|------------|
| Ref.06.001 | Video Arao Ibérico (Campaña de protección)Dispoñible en Galego/castelán. | | | 13,00 EURO | |
| Ref.06.002 | "Manual de Ornitología" | | | ESGOTADO | |
| Ref.06.003 | Video Sobrado dos Monxes | | | ESGOTADO | |
| Ref.06.004 | Video Mamíferos Mariños | | | ESGOTADO | |
| Ref.06.005 | Cartel "macho <i>Saxicola torquata</i> " | | 54x44 cm | 3,00 EURO | |
| Ref.06.007 | Ano 1991 Programa arao | 78 pp. | 21x15 cm | ESGOTADO | |
| Ref.06.008 | Ano 1995 Atlas de Vertebrados de Galicia 2 Tomos | 642 pp. | 24x17 cm | 24,00 EURO socios | 18,00 EURO |
| Ref.06.009 | Ano 2003 Actas V Congreso Galego de Ornitología | 182 pp. | 24x17 cm | 18,00 EURO socios | 9,00 EURO |

PASPALLÁS (números 1, 2, 3 esgotados) nº 4 ó 30: 1,50 EURO exemplar; nº 31 ó 38: 2,00 EURO por exemplar

¡FAITE SOCIO! ¡Apoia a labor da SGHN en defensa da Natureza Galega!

Cubre e envía unha fotocopia desta ficha ó apdo. nº 330 C.P. 15780 de Santiago de Compostela.
Se domicilias o pago dos recibos, entrega unha copia no teu Banco / Caixa de Aforros.

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI: _____ Data de nacemento: _____

Enderezo _____

Localidade: _____ Código Postal: _____ Provincia: _____

Correo electrónico: _____

Categoría de Socio (riscar no :)

Xuvenil (ata 18 anos) 13,50 EURO ano Estudiante (ata 25 anos) 20,25 EUROano

Numerario 27,00 EURO ano Familiar** (dúas persoas no mesmo domicilio) 40,50 EURO ano

Protector (aboar dunha soa vez o equivalente a 50 cotas de numerario) 1350,00 EURO ano

Sr. Director do Banco/Caixa:

Sucursal nº _____ en (localidade) _____

Prégolle que admita os recibos que no sucesivo lle remita ó meu nome a Sociedade Galega de Historia

Natural e os cargue a miña conta nº _____ *

Atentamente.

Sinatura

Data:

A SGHN usará estes datos exclusivamente para os fins organizativos da propia SGHN e cumprindo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Nadal, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

* Por favor Indicar os vinte díxitos do código conta. ** Indicar o nome, idade e DNI das dúas persoas

*A historia humana
aseméllase cada vez máis a
unha contenda entre a
educación e a catástrofe.*

H. G. Wells

The outline of human history, 1921

Boletín divulgativo da

Sociedade Galega de Historia Natural

Apdo. nº 330 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.sgln.org

e-mail: sghn@sghn.org